


AS REVOLTAS DAS MULLERES / AS LAVANDEIRAS /
AS CHAMBONAS / AS COSTUREIRAS /
VENDEDORAS DE PEIXE / IRMANDIÑAS / MANDADEIRAS /
EL PROGRESO FEMENINO / AS CIGARREIRAS /
AS LABREGAS / HIJAS DE GALICIA / AS CANTAREIRAS



NO



N



N



O



CALARÁS!



A.VIDAL

ÍNDICE

LIMIAR / KEINA ESPIÑEIRA	p.4
INTRODUCCIÓN	p.5
AS REVOLTAS DAS MULLERES	p.8
AS LAVANDEIRAS	p.12
AS CHAMBONAS	p.18
AS COSTUREIRAS	p.22
VENDEDORAS DE PEIXE	p.26
IRMANDIÑAS	p.30
MANDADEIRAS	p.34
<i>EL PROGRESO FEMININO</i>	p.36
AS CIGARREIRAS	p.40
AS LABREGAS	p.44
<i>HIJAS DE GALICIA</i>	p.48
AS CANTAREIRAS	p.52





O das mulleres ten de ficar escrito para a historia... Interésame que fique o das mulleres, porque o dos homes sempre se escribiu

Trinidad Gallego
(documentario
Las sin sombrero)



LIMIAR

O silencio nunca foi neutro. A historia escribiuse con ausencias, con omisións, con voces afogadas que quixeron esquecer. Pero as pegadas quedan, por moi fondo que as enterren, e a memoria ten a teima de abrirse paso, teimuda, insistente. As mulleres da Coruña sempre estiveron: nas loitas, nos traballos, nas reivindicacións, na resistencia do cotiá, na defensa do colectivo, tecendo redes e sostendo a vida.

Este libro é unha reivindicación fronte á historia borrada, unha obra de recoñecemento, de memoria. A través de once historias de colectivos de mulleres, afondamos en fías común a todas elas. Lavandeiras, chambonas, cigarreiras, labregas, cantareiras, emigrantes... Todas fixeron fronte a desigualdades estruturais e a un sistema que lles negaba dereitos e lles esixía docilidade. Todas souberon organizarse, erguer a voz, enfrontárense a abusos e inxustizas.

As folgas das costureiras, as mobilizacións das cargadoras do porto, os boicotes das peixeiras contra os impostos inxustos, as sociedades de socorros mutuos, as sabotaxes, os motíns contra a carestía de alimentos... Accións concretas que demostran que a revolta non é algo alleo ás mulleres, senón parte fundamental da nosa existencia.

A cidade da Coruña levanta a súa historia sobre estas mulleres que non soamente resistiron, mais tamén crearon espazos de dignidade e de xustiza. Non foi doado. As estratexias de desprestixio e represión foron constantes: a expulsión das lavandeiras e chambonas do centro da cidade, as ordenanzas que limitaban a capacidade das regatonas, a invisibilización sistemática das traballadoras humildes. As institucións, os homes no poder, a prensa e o patriarcado operaron sempre con forza para silencialas. Pero este traballo, sustentado en arquivos municipais, na prensa da época e en entrevistas orais, vén recuperar o que quixeron agocharnos.

Cofeicelas é recoñecérmonos. Saber que existiron é soñar que poden seguir existindo. Ler sobre elas é reivindicar a necesidade de non esquecer. Este libro non é soamente unha ollada ao pasado, é unha declaración de intencións para o presente e o futuro. Porque se a memoria serve para algo, é para darnos forza. Para lembrar que, malia os intentos por calarnos, seguiremos falando. Seguiremos loitando. E, sobre todo, seguiremos estando.

KEINA ESPÍNEIRA

INTRODUCCIÓN

É este que tes entre mans un proxecto da AC Alexandre Bóveda para a visibilización social das mulleres nas loitas, nos traballos e nas reivindicacións para unha sociedade máis igualitaria e máis xusta. Hai xa cinco anos que abrimos a nosa web "A Coruña das Mulleres" (<https://acorunhadasmulleres.gal/>) coa idea de construímos colaborativamente un fondo documental e gráfico que puidese ser útil para a información, consulta e investigación sobre a memoria feminina da cidade da Coruña.

Aí están os alicerces de NON CALARÁS!, traballo que obtivo no ano 2024 o Premio "Luísa Villalta" da Área de Igualdade da Deputación da Coruña e que quere facer memoria das loitas esquecidas desenvolvidas por mulleres. Son historias con moita forza dunhas protagonistas que souberon tecer redes e traballaren en común, mais cuxos relatos ficaron frecuentemente na néboa do tempo.

Contaremos (case) unha ducia de loitas e de conquistas que acotío conseguiron os seus obxectivos conxugando os verbos en plural: once historias de colectivos de mulleres que se comprometeron coa causa da xustiza, coa causa da liberdade, cos ideais de progreso e de igualdade e que converteron a reivindicación dos dereitos laborais e sociais nun dos motores da súa vida.

Así pois, **NON CALARÁS!** sintetiza un proxecto de divulgación e de produción de contidos para pormos en valor o papel histórico realizado polas mulleres no movemento obreiro e asociativo e nas reivindicacións de melloras sociolaborais, mostrando as distintas redes de apoio creadas por elas ao longo do século XX que dan conta dunha forte vontade de empoderamento feminino como motor de loita social. Parafraseando Rosa Luxemburg, falaremos de mulleres que se moveron, que sentiron as cadeas, e que loitaron por racharen eses grillóns con todos os medios ao seu alcance. No seu conxunto, o proxecto é debedor de moitos contributos académicos e publicacións divulgativas e científicas como é o caso de *O orballo da igualdade* (1)



(1) Romero Masiá, Ana, & Pereira Martínez, Carlos (2005). *O orballo da igualdade. Asociacionismo femenino progresista na cidade da Coruña*. A Coruña: Baía Edicións.

A tríade sobre a cal se sustentou o proxecto foi **MULLER, TRABALLO e REBELDÍA**. Desde sempre, as mulleres padeceron a exclusión e a invisibilidade nos discursos históricos e continúan a sofredora hoxe en día. Termos referentes e sermos conscientes de que outras moitas antes ca nós, idosas ou novas, xa loitaron en defensa dos dereitos e en defensa das traballadoras supón un estímulo e un modelo para continuarmos nese camiño.

En definitivo, **NON CALARÁS!** quere ser un libro de homenaxe –e sobre todo de agradecemento– **ás que non se resignaron, ás insubmisas, ás rebeldes, ás que souberon loitar, ás que non calaron**. E, neste ano de 2025, en que damos ao prelo a presente publicación, quixemos reservar o derradeiro capítulo para as cantareiras como recoñecemento a aquelas mulleres que usaron o canto para preservaren o noso maior tesouro colectivo: **A LINGUA**.



*As miñas mans son de ouro,
heinas de mandar dourar;
saben tocar o pandeiro,
tamén saben traballar.*

(cantada por Genara e Estrela de
Seia, Malpica de Bergantiños)

AS REVOLTAS DAS MULLERES



As revoltas ou motíns de subsistencia, accións populares contra a carestía de alimentos básicos, ocorreron en Europa xa desde o século XVII. No caso da Galiza, temos ben documentadas mobilizacións na primavera de 1847, onde os disturbios, en que houbo varias persoas asasinadas, tiveron as mulleres como protagonistas e iniciadoras.

A causa dese levantamento social foi o incremento do prezo dos cereais, especialmente o do millo. Os xornais da época foron moi duros con estes conflitos, acusando as mulleres de ladroas, mais o que fica claro lendo esas novas é o protagonismo feminino en tales loitas sociais, como se deduce de expresións do tipo "pronunciamento mulleril", "mulleres proletarias son as que aparecen na vangarda destas asonadas" etc. Facer fronte aos acaparadores, ás pedradas se facía falta, ou facer cumprir a lei que prohibía as exportacións de millo, converteunas nas más da historia, como se houbo outro xeito de elas impediren as exportacións de gran máis que se achegaren en grupos numerosos ao porto, racharen os sacos cun coitelo e repartiren a mercadoría entre elas.

Como quer que sexa, na Galiza foran moitas as accións levadas a cabo en defensa de obxectivos básicos relacionados coa sobrevivencia, desde millares de labregas e labregos que se alzaron contra o pagamento dos foros até ás leiteiras que se opuxeron ao incremento de impostos pola venda da súa mercadoría. Mais, en finais da segunda década do século pasado (a partir do verán de 1917 até á primavera de 1919), varias foron as protestas que tiveron na Galiza unha forza e unha impronta moi importantes con accións onde se usaba a violencia se era imprescindible para o éxito da insurxencia.

En decembro de 1916, nas cidades galegas e nas vilas grandes, tivo lugar unha greve xeral contra o incremento de prezos dos alimentos e outros produtos básicos. En xuño de 1917, a saída de carros de fariña para Portugal tamén provocou tumultos en Vigo. Nestes anos, cando unha grande parte de Europa estaba a sufrir a Iª Guerra Mundial, os dous bandos eran abastecidos desde a Galiza cunha subsecuente suba de prezos, cando non un desabastecemento. A suba do pan, da fariña, do peixe, da carne etc. estaba ligada ás exportacións destes alimentos, mais tamén, e como sempre, aos grandes acaparadores de

mercadorías. A situación das clases populares galegas era moi dura, pois aumentaban os desafuzamentos, faltaban alimentos básicos e encarecíanse produtos imprescindibles. Toda esa situación provocou un descontento que desencadeará a greve xeral de 1917. Comezado o ano de 1918, fóronse sucedendo as mobilizacións populares contra a carestía de alimentos básicos e tiveron lugar asaltos a comercios e armacéns e tamén protestas violentas para impediren a saída de produtos para fóra do país.

A situación dos sectores mais desfavorecidos era tan penosa que os xornais galegos chegan a sinalalo do modo seguinte: "Nos sucesos de onte houbo de todo, desculpábel até certo punto, e francamente censurábel. A culpa non estivo toda en quen foron actores, mais en quen agudizou a situación de tal forma, na Coruña e fóra dela, durante meses e meses" (LVG, 19/01/1918). Segundo ficou dito máis acima, era bastante común que o protagonismo nas rebelións populares fose das mulleres. A historiografía clásica conta, en moitas ocasións, que esa participación feminina era debido a que as forzas represivas, Garda Civil e exército, nunca dispararían contra elas, mais vira difícil acreditarlamos nesa versión ao repararmos que cando hai mortas e feridas elas son as mártires. Ao paso, existen documentos oficiais que botan por terra esa versión: en agosto de 1917 o Capitán Xeneral da 8ª rexión publicou un bando onde dicía que "se fará uso inmediato das armas sen necesidade de toques de atención nin outro aviso, e sen que sexa obstáculo para esta enérxica represión, que o grupo sedicioso estiver circundado ou protexido por mulleres ou nenos".



AS REVOLTAS NA CORUÑA

Durante 1917 producíanse por toda a Galiza motíns a que o goberno respondía con censura, violencia, lei marcial etc. No verán dese ano en Compostela suspendéronse as festas do Apóstolo e decretouse o estado de guerra que logo se estendería a toda a provincia. A represión foi tal que na Coruña houbo máis de 170 persoas detidas. No día 18 de xaneiro de 1918 tivo lugar na mesma urbe a primeira das protestas populares dese ano. Poderíase pensar que son accións espontáneas, mais o certo é que centos e centos de mulleres, nos peiraos, nas loxas do centro, nos armacéns dos bairros etc., e practicamente á mesma hora, decidiron asaltar e repartiren os alimentos requisados:

Non se sabe como xurdiu a idea, mais iso foi que as excitadas mulleres decidiron impedir que as patacas fosen embarcadas, como supuñan, e en multitude avanzaron polos peiraos e entre todas repartiron o contido dos 100 sacos [...]. O enxame feminino cargou cos sacos ou os desgarrou, levando o seu contido nun instante (LVG, 19/1/1918).

O protagonismo feminino nestas rebelións foi estrutural. A imprensa recollía que centenaes de mulleres participaron nunha manifestación pola cidade da Coruña, asaltaron armacéns e rexeitaron a participación dos homes con berros de "Fóra! Aquí bastamos nós!". Esta mesma idea de autosuficiencia emerxeu en Ferrol, onde expulsaron os homes da manifestación.

Pórense en pé de guerra contra aqueles que roubaban e que traían a fame para a maior parte da poboación é o que moveu centos e centos de mulleres pola Galiza adiante. Moitas veces, estas revoltas foron comentadas como un "algo primario", isto é, mulleres en tropel en defensa da súa prole. Mais hoxe en día é difícil de acreditar nunha única forza primaria de sobrevivencia. Só existindo redes de confianza e apoio mutuo podía entenderse esa organización. E así, a pesar da censura, todos os xornais tiveron de recoller eses acontecementos: "Chama a atención a disciplina e a unión que existe entre elas e o seu afán de recrutaren compañeiras que se unan", ou "... as mulleres fixéronse donas das patacas e distribuíronas incluso con equidade" (*El Noroeste* 19/1/1918)

En Ferrol celebraron un mitin só para mulleres. Na crónica que do levantamento desta cidade fai *El Correo Gallego* (13/03/1918) ficou ben claro o protagonismo delas, con independencia de onde as revoltas tivesen lugar: nos arredores ("situáronse numerosos grupos de mulleres como o día anterior evitando a entrada"), en Fene ("Onte un numeroso grupo de mulleres formou un tumulto"), nas estacións dos camiños de ferro ("Un grupo de mulleres tentou apoderarse duns sacos de fariña que viñan nunha plataforma") etc. É verdade que os levantamentos de grande conflictividade xa se produciran na Galiza antes de novembro de 1917, mais seguramente o triunfo da Revolución Rusa, a vitoria de labregos e labregas e de persoas operarias, o triunfo "d@s escrav@s da terra, d@s que non teñen pan" parece teren sido un estímulo para as clases populares galegas, nomeadamente na solidariedade que outros colectivos mostraron fronte ás mulleres que capitaneaban estas revoltas contra a fame.

Xunto á mobilización, sinalaban, igualmente, a solidariedade que as mulleres achaban operarias nas cigarreiras. Na Coruña as cigarreiras emitiron un comunicado relativo á protesta contra os acaparadores e á carestía dos alimentos, documento en que manifestaban



o seu apoio total ás mulleres que estaban a requisar comestíbeis. Tamén se falou, en marzo, da chegada a Ferrol de centos de mulleres de fóra da cidade para se uniren ás ferrolás. *El Correo Gallego* (12/03/1918) recollía así a noticia:

A sociedade de oficios varios e agricultores acordou non concorrer a adquirir mercancía en ningún dos establecementos desde os cales se disparou contra os manifestantes así como solicitar o apoio das demais sociedades obreiras desta localidade para que non se descargue nin sexan conducidas aos seus respectivos armacéns as mercadorías que veñan consignadas ás cales se declara o boicote.

A revolta acontecida no inverno de 1918 en cidades e vilas do noso país, e en concreto en Ferrolterra e na Coruña, significou un exemplo claro da capacidade de autoorganización das mulleres, pois realizaron reunións coas autoridades, organizáronse para vixiaren os armacéns de forma a evitaren as exportacións, repartiron os alimentos incautados, usaron a forza cando foi imprescindible etc. En canto elas estaban a loitar contra a fame, respondéuselles duramente: o exército foi enviado ás rúas e entregáronse armas aos comerciantes, como parece deducirse dun xornal en que se lía "Os donos dos establecementos repeleron a agresión a tiros" (*Diario de Pontevedra*, 11/03/1918). Neste ambiente de auténtica loita de clases, algúns xornais recollían que "as forzas vivas" solicitaban a intervención do exército: "Onte telegrafaron ao goberno varias entidades desta poboación pedindo que a autoridade militar se encargue do mando" (*El Correo Gallego*, 14/03/1918).

Outros medios da imprensa, nacionais e internacionais, sinalaban a preponderancia das mulleres nesa accións, sobre todo cando se facía fincapé en que que repartían os alimentos confiscados. Nas páxinas de *La Voz de Galicia* (19/01/1918) podía lerse esta información: "Formando unha manifestación composta por unhas seiscentas mulleres e raparigos, foron pola Mariña e, subindo polas rúas de Castelar, Rúa Alta e Cordonaría, dirixíronse á do Socorro". O tamén coruñés *El Noroeste* facía fincapé na idea de requisaren para todas, de repartiren, de decidiren e de loitaren xuntas. Por súa vez, o *Diario de Almería*, tratando da Coruña (20/01/1918), non hesitaba en empregar estas palabras: "Nos peiraos as mulleres asaltaron varios carros de pan repartíndoos equitativamente." *O ABC*, igualmente, non dubiou en recoller a seguinte información: "Grupos numerosísimos de mulleres promoveron esta mañá un terríbel tumulto". E o *Pall Mall Gazette* (13/03/1918) de Londres facía constar a a seguir: "A falta de comida causa uns disturbios fatídicos. A escaseza de alimentos básicos produciu altercados en Ferrol. Por mor dun enfrontamento coa policía, unha persoa morreu e dez resultaron feridas, entre elas, o xefe da policía".

Para saber máis:

Martínez García, Xosé Antonio (2024). "O motín de consumos da Coruña de 1886", *Cornide*, 5: 273-304.

A Coruña das mulleres: <https://www.alexandreboveda.gal/descargas/revoltas/as-revoltas-das-mulleres.pdf>



AS LAVANDEIRAS))



Se es moi lectora ou lector de Historia, pode ser que atopes este acontecemento nun libro sobre o movemento operario: en abril de 1917, 40.000 lavandeiras protagonizaron en Petrogrado a primeira grande greve ao goberno provisional, formado tras a revolución de febreiro. Pedían aumento de salarios, mellores condicións laborais e xornada de 8 horas. Aquela reivindicación, apoiada por Aleksandra Kollontai, coaduxou no triunfo da revolución rusa, mais é bastante probábel que nunca achese esta historia que sucedeu 10 anos antes: en 1907 as lavandeiras da Coruña organizáronse no sindicato de oficios

La Heterogénea, de ideoloxía anarquista, e formaron unha asociación chamada El Alba de Lavaderos y Lavanderas; coa forza da unión, marcaron novas tarifas para o seu duro traballo, mais, como non foron aceptadas, no día 1 de xuño de 1907 foron á greve, que se prolongará durante quince días.

Fica moito por investigar e divulgar arredor do traballo das lavandeiras e deses espazos completamente femininos que eran os lavadoiros, punto de encontro e lugares de referencia e identificación no espazo urbano (repárese na frase "Vivía máis aló do lavadoiro"), mais, sobre todo foron un importante núcleo de sociabilidade feminina durante a primeira metade do século XX. Era o lugar de encontro das mulleres das clases populares que lavaban para a súa familia ou para a casa onde traballaban de criadas ou lavaban para moitas casas cobrando polo seu traballo. Nos lavadoiros, falábase dos problemas que padecían, sen esquecermos que eses lugares constituíron tamén un lugar privilexiado para a circulación da información nos bairros; partillábanse tempos, problemas e saberes. Os lavadoiros tiñan un algo de escenarios liberadores en que as lavandeiras podían conversar, riren, cantare, afianzaren vínculos de solidariedade e compañeirismo que até certo punto permitiron aliviar as penurias e sacrificios da súa vida diaria. Desde sempre, existiu un vínculo especial entre as mulleres, nado dun espazo de experiencias socializadas, onde se intercambian coñecementos sobre as crianzas, a sexualidade ou a organización da vida doméstica. Hoxe falamos de "sororidade", dese vínculo para se recoñeceren e se defenderen unhas a outras da opresión e, nese sentido os lavadoiros representaron ese espazo e ese tempo para as relacións humanas, nunhas coordenadas que fuxían dos padróns de competitividade. Repárese, por exemplo, no excerto seguinte:

Un veciño de Betanzos, coñecido por Arturito, estaba ciumento da súa noiva [...]. Non achou mellor cousa para lle chamar a atención que se dirixir ao lavadoiro público, onde ela estaba a lavar, e comezar a rifarlle, tentando maltratala. Nunca tal fixese, pois as

lavandeiras todas déronlle tal cantidade de labazadas e rabuñaduras que lle puxeron a cara feita un mapa. E aínda ben que acudiron na súa axuda, que senón ninguén o salva de levar unha boa molladura, dadas as intencións que tiñan de o tiraren ao río (El Correo Gallego, 08/03/1927).

A creación de lavadoiros gratuítos

Os lavadoiros eran construcións comunitarias feitas a carón dunha corrente de auga ou dun manancial, resposta da arquitectura ás necesidades de infraestruturas específicas. Na realidade, estamos a seguir unha estela que se vén consolidando desde séculos atrás. Nunha cidade como A Coruña, onde a auga doce foi sempre un ben de difícil xestión, a aposta nesas construcións comunitarias foi fundamental. Na maior parte da Galiza, e até ben entrado o século XIX, as mulleres lavaban a roupa no río. Era un traballo de grande dureza física, que exixía unha posición moi dobrada e contacto permanente coa auga. Aos poucos, primeiro nas cidades e xa logo nos espazos rurais, vense construíndo os referidos lavadoiros, que se xeneralizan durante o século XIX, especialmente nas vilas e urbes, moi probabelmente máis por intereses morais e económicos do que por mellorar as condicións laborais das lavandeiras. Eses lugares eran tamén espazos de confidencias e brincadeiras. En 1790 un Real Decreto, dirixido ás lavandeiras do Manzanares, prohibíalles berraren e faceren xestos obscenos ás persoas transeúntes, mais o Real Decreto non di nada o sobre a presenza e condutas masculinas que xeraban esas resposta. En moitas investigacións que recollen entrevistas con mulleres idosas que realizaron estes traballos, **diferéncianse ás claras a dureza que supuña lavar a roupa do ambiente distendido que predominaba no lavadoiro**. Con todo, non debemos ter, visto cos ollos de hoxe, unha idea romántica deses espazos, porque non só o traballo era ben duro, mais tamén porque foron lugares que contribuíron para a manutención dos roles de xénero: era imposible un home acudir a lavar. Son, portanto, lugares de enculturación nos roles femininos. E se para as mulleres son espazos para interiorizaren ou transmitiren os tales roles, para os homes son espazos alleos. Como están fechados e non se sabía que acontecía dentro, alimentaban, nos homes, os estereotipos sobre as mulleres e incidían nos seus aspectos máis pexorativos. Nas entrevistas con persoas protagonistas, sinálase que para as mulleres era un lugar de traballo mais nun ambiente agradábel; para eles, unha importante fonte de murmuracións, rumores e discusións. Os testemuños masculinos insistiron no lavadoiro como lugar de conflito, algo



paradoxal debido a que resultaba de certo difícil que un home fose testemuña do que alí puidese ocorrer.

Os lavadoiros foron unhas construcións únicas xa que, exceptuando outros de carácter relixioso, benéfico ou correccional, foron construídos exclusivamente para as mulleres. No centro da Coruña houboos cerca das fontes da Fama e de Santa Catalina. De todos os modos, en meados do século XIX, o concello tratou de afastar do centro da cidade as actividades molestas ou menos hixiénicas, entre as cales parece que estaba a de lavar a roupa. En 1851 unha ordenanza municipal recolle a necesidade de quitar os lavadoiros das dúas fontes e erguer un novo no Caramanchón que tardará máis dunha década en verse realizado. Cara os últimos anos da década dos noventa ergueranse lavadoiros en distintos lugares da periferia urbana entre os que destacan o do Orzán e o do Parrote.

No Arquivo Municipal da Coruña gárdanse os planos do lavadoiro do Caramanchón xunto co regulamento do seu uso, que daba bastante información sobre como debía ser utilizado. Tanto as fontes como os lavadoiros tiñan penduradas na súa entrada as normas de utilización e tamén as obrigas da persoa encargada da manutención. Deste modo, sabemos que non se podían fregar sellas ou calquera outro recipiente no propio lugar e que tiñan prohibido faceren buratos nas paredes, riscaren os caleados ou causaren deteriorización en todo o edificio. Era labor do encargado coidar que a luz de gas do farol establecido no centro do lavadoiro permanecese constantemente aceso durante as noites, aínda que houbese lúa. O lavadoiro do Caramanchón perviviría até que en 1896 se derribou e se proxectou erguer no seu lugar o edificio das escolas da Guarda. No mesmo ano o arquitecto Pedro Mariño asinaba os planos para o lavadoiro do Orzán, un edificio neomudexar que chegou até ao século XX.

A greve de 1907

En maio de 1907 as lavandeiras da Coruña uníronse para forzaren unha suba no prezo da roupa que lavaban. Pódense seguir as vicisitudes da preparación do folga na imprensa da época:

As lavandeiras da Coruña e de fóra da Coruña, constituídas en gremio e asociadas ao que parece á Heteroxénea, centro de oficios varios reorganizado ultimamente no pobo, reparten profusamente desde onte unha folla coa tarifa dos prezos que poderán en vigor desde primeiro de mes [...]. Hai nas observacións xerais algunha que han de parecer particularísimas (LVG, 25/05/1907).

A greve comezou no día 1 de xuño de 1907 e prolongouse durante dúas semanas. Exixían nas súas reivindicacións incremento nos prezos, mais tamén outras medidas relativas ao cobro da viaxe se debían recoller a roupa nun día diferente do domingo, aos prezos diferentes para a roupa moi suxa, á insalubridade dos lavadoiros en que traballaban ou ao mal estado dos camiños que tiñan de percorrer. Toda a imprensa tentou menosprezar o traballo que realizaban e criticou a suba das tarifas e a ineficacia da greve, e mesmo chegou a insinuar



que eran enganadas ou "roubadas" polos dirixentes do sindicato, afirmacións que finalmente os xornais tiveron de desmentir:

Dise que fuxiu (o presidente da asociación) co diñeiro que recadara entre as lavandeiras a pretexto de organizar a sociedade de resistencia que para elas deu resultados completamente negativos. O rumor non puido confirmarse (El Noroeste, 11/06/1907).

Un representante da xunta administrativa do gremio de lavandeiros e lavandeiras visitounos onte para nos dicir que non é exacto [...] que o presidente da dita xunta desaparecese cos fondos sociais; que os asociados non pagan cota ningunha, e que só se recadaron entre todos eles 103 pesetas para gastos de propaganda e organización, dos cales van investidas nestes traballos 93,30. Resulta, por tanto que só teñen de fondos nove pesetas e media, cantidade, aliás, ben insignificante (El Noroeste, 12/06/1907).

A imprensa insiste idea do insuceso da medida para desprestixiar a forza das grevistas:

Os lavadoiros todos da poboación e ríos próximos estiveron concorridísimos durante o día e a noite. Moitas familias utilizaron este medio para salvaren satisfactoriamente e sen complicación ningunha a situación anómala creada pola greve das lavandeiras. Outras decidiron mandar a roupa ás cidades e vilas próximas aproveitando as vantaxosas facilidades que encontran para iso, debido a que en Ferrol e en Pontedeume, como en Sada e en Betanzos, non falta quen queira gañar o diñeiro que as lavandeiras do partido da Coruña perden pola súa actitude de intransixencia.

Non existe, por conseguinte, o conflito que algúns temían, debéndose a isto sen ningunha dúbida a tranquilidade e aínda se se quere a indiferenza con que a veciñanza acolleu esta greve que na realidade preocupa a moi poucos (El Correo Gallego, 06/06/1907).

Asistimos, pois, a un paternalismo misóxino, cando non a un chamamento claro á represión, pedindo a intervención das forzas de orde, ou a resaltar as diferenzas de criterio entre as mulleres lavandeiras ao tempo que se animaba o vecindario coruñés a utilizar os servizos das lavandeiras doutros concellos próximos:

Pode darse por fracasada a greve de lavandeiras, que está a piques de terminar da maneira máis desastrosa para as infelices mulleres [...]. Probabelmente dará isto motivo a lamentábeis incidentes que debe prever o gobernador (LVG, 28/05/1907).

A solidariedade entre gremios era un feito bastante habitual e tamén, neste caso, é de subliñar que as lavandeiras conseguiron para a súa greve o apoio doutros sectores, até agradecendo “aos agricultores dos arredores polo seu ofrecemento para cooperaren coa greve non enviando hortalizas á Coruña” (LVG, 04/06/1907). E en canto a imprensa ía repetindo todos os días que o “probábel é que para entón a greve estivese terminada”, continuaba a se minusvalorizar a súa importancia, afirmando que pasaba inadvertida ou que acababa sendo un motivo de aforro para as familias:

Nada novo ocorreu onte relacionado coa folga de lavandeiras que, como dicíamos no noso último número, pasa inadvertida, até tal punto, de que para algunhas familias constitúe unha economía debido a que o lavado das súas roupas facéndoo elas sen maiores contratempos e coa seguridade de que non se lles extravíen pezas” (LVG, 08/06/1907).

Porén, en canto isto se escribía, moitas familias, convencidas da xustiza das reivindicacións ou presionadas pola propia greve, si aceptaban por escrito as exixencias das lavandeiras a través de “unhas cartas” en que se recoñecía “o aumento das novas tarifas de lavado”. Ao paso que se tentaba minimizar o conflito, é preciso tamén recoñecermos que a protesta estaba a se converter nun problema importante para o cal non parecía haber solución, de forma que se chegou a pedir a axuda do goberno do estado:

O gobernador telegrafou ao ministro explicándolle a orixinalidade do suceso e a dificultade de lle procurar inmediata solución porque non se trata dun gremio patronal determinado, mais dunha poboación numerosa que non hai forma de reunir nin a traer a unha avinza (LVG, 28/05/1907).

O mansplaining, presente sempre

Desde as reivindicacións das lavandeiras, van aló máis de cen anos, mais algunhas cousas non mudaron moito. Elas traballaban, organizaban a greve e pagaban as consecuencias de estaren varios días sen ingresos. Eles, en contrapartida, monopolizaban a discusión e tamén pretendían facelo coa tomada de decisións:

Serán 600 as persoas reunidas, na súa maioría mulleres. Formando pequenos grupos debatían entre si, sobre se debían ou non continuar no paro. Era tal a confusión e a desorde que reinaba entres todos que houbo que pór fin de calquera modo á reunión. As mulleres protestaban indignadas contra o monopolio que se facía do dereito para falar, pois os homes, que eran os menos e aínda que non debían intervir nos debates [...] discutiánnos todo (LVG, 04/06/1907).



Rematada a greve, voltouse á idea xa varias veces exposta da necesidade de profesionalizar ese traballo: “aseguránnos que a idea de varios capitalistas de estableceren na capital un tren de lavado, con todos os adiantos modernos e evidente economía, adquire maiores garantías de ser axiña un feito”. Era necesario abrir outra liña de (des)información e para iso comezouse a louvar que existían diferentes modos de lavar a roupa e que non podía ficar a hixiene dunha cidade secuestrada por unha greve de miserábeis traballadoras. Neste momento é cando se principiou a falar da necesidade de mecanizar os labores, mais o traballo das lavandeiras e os lavadoiros aínda estiveron presentes durante décadas.

Para saber máis:

Galego, Carmela (2018). “Espacio, protección cultural y feminismo”, *Abaco*, 95/96: 53-77.

Sarasúa, Carmen (2003). “El oficio más molesto, más duro: el trabajo de las lavanderas en la España de los siglos XVIII al XX”, *Historia Social*, 45; 53-78.



AS CHAMBONAS

Son moitas as cidades que historicamente tiveron –e que moitas continúan a manter– un mercado ao ar libre destinado a produtos de segunda man de todo o tipo: Els Encants en Barcelona, Portobello en Londres, o Mercado das Pulgas en París, O Rastro en Madrid...



A Coruña tivo tamén ese espazo situado en arcóns no Campo da Leña e posteriormente en Orillamar. Á fronte deses negocios case sempre había mulleres, as “chambonas”, que se dedicaban á compra, venda e troco de móbeis, de roupas e dunha ampla variedade de enseres usados. Non se sabe con exactitude desde cando se practicaba ese oficio na cidade do Orzán, mais o que si se coñece é que no século XIX xa había constancia desas prácticas. Contaba Galo Salinas un crime machista sucedido en 1863 e narra o feito desta forma:

Dando fronte á que hoxe é Praza de María Pita e próximas ao Rego de Auga, había unhas casuchas vellas: unha delas, que facía esquina coa da Franxa estaba habitada por unha muller tratante en utensilios usados ou chambona e que chamaban a “Cámbela” (LVG, 1951/03/04. Texto de Juan Naya).

As chambonas tiñan como clientela xente con poucos recursos que precisaba mercar produtos de segunda man porque a súa situación económica non lle permitía compralos novos. Mais tamén, desde sempre, existían os curiosos que buscaban o negocio da súa vida: atopar unha pintura, dar cun un libro, encontrar un obxecto de adorno etc. mercado por uns reais para despois o venderen por milleiros de pesetas. A este respecto, Juan Naya, cronista oficial da cidade, refería no ano 1966 a través das páxinas do xornal *La Voz de Galicia* un proceder de tal natureza:

O caso do cadro adquirido por oito pesetas no antigo campo da Leña a unha “chambona” por don Isidro Brocos, profesor da Escola de Artes e Oficios, vendido por este en oito mil pesos e revendido outra vez en vinte mil, dificilmente voltará a se repetir. Iso acontecía hai máis de medio século. Agora calquera vendedor sabe o que ten. Con todo, aínda hai moitas xentes que acoden [...] aos “chambóns” coruñeses pensando en adquirir algo sensacional por moi pouco diñeiro.

O das chambonas era un traballo de ben pouca consideración social. É fácil atopar nos medios da época anuncios breves onde a xente vendía móbeis ou outros obxectos e que repiten “absterse chambonas”. Estas mulleres compraban a particulares o que lles ofrecían e isto facía con que en moitas ocasións non coñecesen a procedencia do material. Era moi doado que, ás veces, eses obxectos puidesen ser produto de roubos. Cando isto era descuberto, tiña

nefastas consecuencias sobre elas: requisábanlles todo e en moitas ocasións pasaban a ser sospeitosas de colaboraren no roubo ou, polo menos, de seren encubridoras, coas graves consecuencias que isto supuña:

Os inspectores de vixilancia Sr. López Fernández, Rodríguez Araujo e Artés en unión de varios axentes practicaron –segundo unha pista que resultou veraz– un rexistro minucioso na casa número 9 da Rúa da Praza, onde habita a “chambona” Esperanza Vázquez Laya, muller viúva, de corenta e seis anos que alí exerce a súa equívoca industria de compra-venda.

... parte das teas subtraídas vendías a baixo prezo a José Martínez Escarte, vendedor ambulante, dedicado á venda de retais na Praza de Abastos de Santo Agostiño, e a María Bello Rodríguez, de profesión chambona, os que seguidamente foron detidos ao mesmo tempo que se procedía polos funcionarios actuantes á incautación de grande cantidade de xéneros que tiñan nos seus respectivos domicilios (LVG, 18/02/1921)

As relacións que se establecían entre as chambonas e quen vendía nin sempre eran fáceis. En maio de 1918 aparecía en *El Progre-*

so unha nova sobre o suicidio dun artilleiro que roubou dez pares de zapatos e que logo vendeu. Cando se soubo descuberto, tratou que a chambona lle devolvese o que lle vendera: “conminouna a recuperar os zapatos e até lle ofreceu diñeiro do seu peto particular para que a cousa non trans-lucise, mais o nobre proceder do suboficial foi anulado polo egoísmo da chambona”. Repárese nas palabras: “nobre proceder” o do ladrón *versus* o “egoísmo” da vendedora. Para a prensa e até para a xustiza, ela pasou a ser a culpábel do suicidio.

Moitos, e de todo o tipo, eran os obxectos que a xente vendía ás chambonas para obter unhas moedas. Este ripio conta como os libros no final do curso académico podían acabar tamén nos postos das chambonas:

libros de maciza prosa y de apariencia empachada, de adquisición muy costosa y... de venta asegurada, cuya ingrata compañía el estudiante abandona con indecible alegría en casa de la “chambona” (LVG, 1924-06-15)



Foron tamén un colectivo, como o doutras moitas mulleres humildes e traballadoras, que, após o Golpe de Estado franquista, sufriu a represión. Na publicación "O traballo visíbel das coruñesas" (2009) –do Arquivo Municipal da Coruña– recóllese un expediente en que consta como se lles realizan informes negativos e se revoga a concesión da licenza da caseta a moitas chambonas por motivos tales como "ser afecta á Fronte Popular" ou "asistir a un mitin de Azaña en Madrid" ou até "ser de ideas extremistas" e "significada na propaganda das últimas eleccións." E así, máis unha vez máis, mulleres humildes que tiñan a venda como o seu único sustento (e en moitas ocasións o das súas familias) achábanse coa circunstancia de non poderen continuar a traballar.

Noutra orde de ideas, as cidades crecían e había oficios que se querían lonxe do centro, como aconteceu cos lavadoiros, coas fontes etc. Os arcóns das chambonas estiveron en diferentes espazos da cidade, mais a "modernidade" e o crecemento urbanístico fóronas expulsando e logo foron desaparecendo. *La Voz de Galicia* contaba no día 8 de marzo de 1947 unha das múltiples mudanzas documentadas: "O símbolo moderno do xudeu errante podería ser moi ben a chambona coruñesa. Periodicamente, como as aves ou os beduínos, recollen os seus trastes e múdanse. É a mesma Coruña a que as empurra." Nestes medios, podemos afirmar, por tanto, que as mudanzas de emprazamentos e de costumes foron acabando coas chambonas e con elas co regateo e cun oficio que deu de comer a moitas familias e paliou moitas penurias. *El Pueblo Gallego* (11/01/1978) contaba, cun punto de nostalgia e de romantismo, o seu desaparecemento: "Era un fermoso rastro en que se podía comprar de todo, especialmente roupa vella –ou sexa, usada– e móbeis e aveños varios". Por súa vez, así contaba *La Voz de Galicia* (19/02/1989) a historia das dúas últimas chambonas da Coruña.

Na actualidade, na Coruña soamente existen dúas "chambonas" con posto fixo, nos arcóns de Orillamar, que comezaron como trapeiras antes da Guerra Civil. Ao seu case oitenta anos, Dolores Barcia e María Luisa Martín continúan a comprar a mercadoría por quilos, por "vulto", e saben que calquera persoa pode vestirse perfectamente por menos de mil pesetas. Os seus clientes continúa a ser os necesitados, aínda que afirmen que "por aquí pasou o mellorciño da Coruña".

Dun punto de vista actual, parece un oficio doutros tempos, mais a compra-venda de segunda man ten hoxe plena modernidade e vixencia. Nos nosos días, existen loxas que venden roupa, libros e outros utensilios usados, aínda que esas transaccións comerciais xa non precisen de chambonas, pois poden facerse desde a casa cun clic.

As regatonas

Cómpre un último apuntamento sobre as mulleres que se dedicaban á revenda en pequena escala, nomeadamente alimentos: referímonos ás "regatonas", as que vendían polas casas, polas rúas, diante da propia vivenda ou en espazos destinados para iso, como no caso das prazas e feiras. Ás veces, procuraban os camponeses polos camiños que, para non perderen tempo de traballo en transportaren as súas mercadorías, as vendían ás regatonas que ían a cidade. Foron mulleres que, xa entón, arranxaban a súa economía familiar coa arte do regateo.

As mulleres coruñesas saíron das súas casas para traballaren moito antes do que se pensa popularmente. Na compilación dos acordos rexistrados nos *Libros de Actas* do concello entre 1555 e 1585 nomeáronse oficios femininos, algún non moi coñecido, cal acontece co das regatonas. Así, nun texto deses documentos pode lerse isto: "Que todas as froteiras e regatonas de peixe non usen do dito oficio sen licenza dos señores de rexemento so pena de douscentos mrs. aplicados conforme ás ordenanzas da dita cidade por cada vez que o contrario fixeren" (09/08/1555). Noutro duns anos máis tarde figura a seguinte indicación: "Que se pregoe que ningunha mesquiteira nin regateira compre no sábado ningunha cousa de bastimento até despois do mediodía para os tornar a revender so pena de douscentos mrs. por cada vez"(01/12/1578).

Están xa documentadas moitas normas coercitivas sobre o traballo desas revendedoras que impedían ir aos camiños a comprar a mercadoría que achegaban as labregas ou comprar dentro das prazas até o mediodía. Moitos dos límites e controis que se exercían sobre elas eran diferentes en función do seu estado civil: permitíase o traballo de revenda (de castañas, verduras, ovos, froita, pitos, galiñas etc.) a casadas e viúvas como xeito de fuxiren da pobreza extrema, mais existía unha grande cantidade de normas que o empecían ás solteiras; as propias instrucións declaraban que se trataba de razóns morais. Mesmo en moitas ocasións se lles exixía certificado do crego da freguesía. Converter os pecados en leis foi un padrón que as mulleres sufreron ao longo da historia: todas, as mulleres, naturalmente, mais de modo máis claro as mulleres das clases populares. Inclusive, houbo normas impostas en finais do século XVIII que falaban de lles requisaren a mercadoría, de multas, de cárcere ou de desterro, incluíndo nas reincidentes "dúas horas de argola de vergoña pública".

Como quer que sexa, as regatonas foron murchando lentamente, mais darían orixe ás revendedoras, as cales no século XX, por seu turno, se transformarían en mandadeiras.



Para saber máis:
Suárez Rodríguez, María de la O (2020). "Las regatonas: aproximación al trabajo de las coruñesas a mediados del siglo XVIII. *Nalgures*, 17: 361-393.



AS COSTUREIRAS

*Que ben fixeron teus pais
en facerte costureira;
cando chove non te mollas,
cando vai sol non te queimas.*



Tense xa desde moi antigo constancia do traballo de coser feito por mulleres a cambio dun salario. As costureiras ou modistas aprendían sendo moi novas o oficio doutra muller máis experta. Alí nos talleres ou obradoiros ou de costura, chamados comunmente costuras, un grupo de mozas aprendía das oficialas e da mestra o básico do oficio. Con frecuencia, estas aprendizas nin cobraban nin pagaban polo seu traballo; como compensación polos labores máis sinxelos que eran capaces de faceren, a dona do negocio aprendíalles o máis elemental da profesión, aínda que isto non sempre fose así. Nun documento antigo recóllese un contrato entre Francisco de Salgueiros, de oficio barbeiro e María Fernández, costureira, os dous veciños de Santiago, texto en que acordan por medio de escritura pública con data de 5 de marzo de 1544 que María ensinará o oficio de costureira en dous anos e medio a unha filla de Francisco sustentándoa na súa propia casa, mais ficando por conta do pai a vestimenta e calzado; o proxenitor **“pagaría dez e oito reais de prata a María Fernández por razón de traballo en avezar a devandita moza no oficio de costureira”**.

Nos obradoiros de costura as mozas sentaban e ían aprendendo e realizando todo o tipo de traballos, como petos. Cando se ían impregnando de certa experiencia, pasaban a facer ollais, sisas e, após adquiriren os coñecementos para seren oficialas, podían facer prendas completas ou até cortaren os tecidos. Os obradoiros eran lugares de traballo, mais tamén de risos e confidencias. Nalgúns casos, eran espazos de aprendizaxe, non só do oficio, mais tamén de novos saberes e novos modos de entender a vida e a sociedade. Sábese que moitos xastres eran persoas moi comprometidas co progreso e cos valores cívicos do que no seu momento significou a República Española e o mesmo se habería dicir de moitas costureiras e modistas. Poderíamos falar de María Miramontes, que comeza a traballar con 11 anos nun obradoiro de costura na Coruña onde inicia a súa formación como modista; as súas puntadas e o seu traballo foron o sustento económico de moitos proxectos editoriais (“María teceu con NÓS o traxe para vestir Galiza”), das Escolas de Ensino Galego etc. Ese compromiso co progreso e o galeguismo non só o vemos en María, mais parece que estaba moi presente nesta profesión, segundo podemos reparar nesas mozas que traballaban nos anos 30 para o “Almacén de géneros extranjeros” de Vigo e que cando a Irmandade Nazionalista Galega encarga unha bandeira galega elas non cobraron polo traballo.

Se alguén quixese facer diso o seu oficio, podía ficar como oficiala alí onde a ensinaran, aínda que na maior parte das veces a profesión se desenvolveuse traballando polas casas, xa que, daquela, moitas familias burguesas tiñan un cuarto de costura. Para traballar así era recomendábel contar cunha máquina de coser: en 1876, no semanario *O Tío Marcos d'a Portela* aparecía un anuncio en galego (é o primeiro anuncio en lingua galega na prensa escrita que se coñece) promocionando a máquina de coser Singer e ofertando grandes descontos na venda ao contado. Así, coa a máquina de coser á cabeza e cargando cos agullas, alfergas, alfinetes, fíos, fita para medir, tesoiras etc., as costureiras percorrían vilas e cidades até chegaren ás casas onde cosían. Ás veces, nesas casas, as máis podentes, había máquinas de coser e entón o deslucamento, adoito a pé, era máis doado. Non se debe pasar por alto que todo o coñecemento adquirido pola costureira supuña un grande valor engadido dentro do propio fogar, pois os seus coñecementos significaban unha importante fonte de aforro: a roupa duraba máis porque se podía cercir, remendar, voltear os puños etc. e viraba máis duradoira, igualmente, porque se podía amañar para outras persoas.

Nese traballo polas casas, mais tamén no realizado nos obradoiros, era bastante común ficar a deber, o que ocasionaba perdas ás modistas e costureiras. Non é difícil, a este respecto, atopar novas sobre traballos non pagados na prensa, conforme se pode ler neste fragmento:

Cando a moza costureira Luisa Quintana Fernández foi reclamar 6,50 pesetas –que polo visto lle debe– á veciña do segundo piso da casa número 16 da rúa Perillana, recibiu en pago do débito unhas cantas labazadas. A policía tivo de intervir no escándalo (El Correo de Galicia, 15/03/1912).



Costureira e modista non eran palabras sinónimas: a modista tiña maiores coñecementos e de máis calidade. En moitas ocasións tiña un local con aprendizas e tamén nas cidades existían modistas que tiñan un espazo propio para que a clientela se achegase alí e “escollese modelo”. Adoitaban, por tanto, ter un tipo de clientela de maior poder adquisitivo preocupada polas modas. A modista tomaba as medidas, facía o corte e cosía as prendas. A dona do obradoiro, alén de entender complexos planos –os padróns– para poder cortar, costumaba igualmente a mercar figurinos, revistas ilustradas con modelos coas últimas tendencias da moda e con indicacións técnicas de como elaborar determinados vestidos.

No que si eran iguais costureiras e modistas era en padeceren uns horarios ilimitados, traballando até altas horas da noite ou mesmo a noite enteira para atenderen unha encarga. Na cidade da Coruña, durante o primeiro terzo do século XX, era un colectivo moi numeroso o que había nos obradoiros de costura e nas xastrarías. Estas operarias denunciaron a súa situación e protestaron en innúmeras ocasións polos baixos salarios e as interminábeis xornadas. Así o contaba a capa de *La Voz de Galicia* (09/06/1902), recollendo a carta dunha traballadora:

É unha queixa de carácter socialista, tan digna como calquera outra de ser exposta e discutida no xornal ou no meeting [...]. Preguntarán Vds. que gañamos despois de tanto traballo e de tanto desprezo. Unha barbaridade! O xornal mínimo é dun real diario. E hai tantas oficialas que non pasan deste tipo! O termo medio é de dous e tres reais. O máximo non sobe de sete reais, mais aí! isto xa é unha bicoca. Son contadas as modistas que na Coruña cobran este xornal! As que o gañan case saben tanto como as mestras [...]. Se traballarmos horas extraordinarias, que nolas paguen. Polo menos iso. Ademais, que se unifiquen as horas de entrada e saída nos obradoiros, tanto no inverno como no verán, porque é unha ganga que estando disposto que saíamos á noitiña, non se nos dea licenza para nos irmos, agora que os días son longos, até que Deus queira que anoiteza.

O exceso de horas de traballo era tan habitual que varias donas de obradoiros de costura chegaron a ser multadas pola Inspección de Traballo:

O gobernador civil, Sr. TORAL, atendendo á denuncia formulada polo inspector de Traballo, impuxo unha multa de 150 pesetas [...] [para] facer que non se cometan abusos obrigando as modistas a unha permanencia nos obradoiros fóra das horas que fixa a vixente lexislación (LVG, 22/12/1917).

Moi probablemente por temor ao despedimento, o das modistas e costureiras foi un colectivo onde o asociacionismo se desenvolveu lentamente, de forma que as primeiras que se afiliaron foron as xastras. En maio de 1901 creouse La Fraternidad. Sociedad de Sastres y Sastras, un colectivo de resistencia do ámbito da confección. A primeira das súas loitas foi para exixir o descanso dominical e o pagamento dos salarios semanalmente, o que levou xastres e xastras á greve; devagariño, foron conseguindo máis dereitos. Esas vitorias animarían as modistas a se tentaren asociar e así, en decembro de 1917, realizaron unha reunión coa idea de crearen unha entidade que defendese os seus dereitos,

tratándose a situación actual das obreiras da agulla. No medio de grande entusiasmo acordaron todas as reunidas arribaren á constitución dunha Sociedade integrada por modistas, costureiras e xastras, para que os abusos que con estas veñen cometendo cesen e para loitaren polo seu melloramento [...].

Ficaron nomeadas para a comisión organizadora: Angela Colado, Francisca Vázquez, Consolo Rabuñal, Dolores Fontanes, Ramona Gómez, Isabel Vieites, Flora Rey, Josefa Pérez, Elvira Martínez, Carmen Montouto, Rosa Fernández e Juana Freire que, en unión do presidente da agrupación socialista Sr. Fernández Longueira, designado tamén polas reunidas para tal obxecto, farán cantos traballos foren necesarios para a boa organización daquelas (LVG, 29/12/1917)

Durante a IIª República houbo un Sindicato de la Industria del Vestido de ideoloxía anarquista, mais logo, co Golpe de Estado do ano 36, todas as arelas de se conseguiren melloras laborais foron varridas.

De xeito lento, ao inicio, a maior parte deses obradoiros de costura foi desaparecendo. Xa hai moitos anos que tamén se perdeu o coser “polas casas”, como tamén os negocios de modistas desapareceron posteriormente e foron substituídos por traballo para as fábricas realizado na casa, nun obradoiro con ducias de empregadas ou ben na propia fábrica. Nos anos 50 e 60 comezou a haber moitas mulleres que traballaban no fogar cosendo para unha empresa que lles daba as pezas xa cortadas. Na década de 90 foron creados obradoiros de costura (moitos deles en réxime de cooperativa) por moitos lugares da Galiza, como en Arzúa, Bergantiños, Costa da Morte, Melide etc., onde traballaban case exclusivamente mulleres para as grandes marcas galegas. Infelizmente, a deslocalización da confección fixo que a maior parte deses locais murchase e que ficasen millares de mulleres sen traballo. En certa harmonía con isto, non poucas das fábricas que tiña a cidade da Coruña deixaron de existir, cal é o caso de Bolboretta, Caramelo, Pernas etc. Ao mesmo tempo, na década de 60 e 70 do século pasado ía nacemento e estendéndose o que chegaría a ser o primeiro grupo de confección de roupa: Inditex. Mais iso xa corresponde a outra historia.



VENDEDORAS DE PEIXE



En moitas ocasións fálase do traballo oculto das mulleres, mais hai moitas profesíons levadas a cabo por elas que son e foron marcadamente visíbeis na cidade. Este era o caso das peixeiras, cunha dedicación que comezaba no momento da descarga de peixe no peirao: alí mesmo, limpábano e preparábano para a venda –o certo é que ese peirao se chamaba na Coruña o Peirao da Sardiña– e logo percorrían toda a cidade coa mercadoría na cabeza. Correspondía a un colectivo moi numeroso e nalgúns dos conflitos protagonizados polas peixeiras falábase de 400 persoas con ese oficio.

Frecuentemente, eran as esposas ou as nais dos mariñeiros, porque xa existían desde o século XVIII normas que chegaban a impedir esa dedicación ás mulleres que non fosen familia dos mariñeiros.

O das peixeiras era un grupo de mulleres humildes, mais cunha longa tradición reivindicativa e con sona de alborotadoras e de mal faladas. Convén sinalarmos aquí que, nunha grande parte dos conflitos sociais que se deron na Coruña nos séculos XIX e XX, a presenza das pescantinas foi sempre particularmente notábel. Con certeza, era unha profesión difícil: levaban as patelas na cabeza, pesadas e molladas, e ían vendendo pola cidade ou tamén polos camiños de toda a provincia. O xornal *La Voz de Galicia* do día 30/05/1907 daba conta do accidente que un grupo desas mulleres sufriu na cidade cando ía vender o peixe a Sada: o carro de mulas en que viaxaban co peixe foi atropelado por unha locomotora, cun resultado de dúas peixeiras mortas e seis feridas de gravidade.

As peixeiras coruñesas enfrontáronse con frecuencia á Compañía Arrendataria de Consumos pola intencións desta de subir de modo desproporcionado e arbitrario algúns impostos. Isto orixinou diferentes motíns que imantaron o apoio doutros colectivos de traballadoras, conforme aconteceu en 1899 e 1900.

Os enfrontamentos coa administración de consumos viñan de lonxe. En xuño de 1886 producíronse motíns contra estes impostos que gravaban os artigos de “comer, de beber e arder” e que afectaba moitas mulleres labregas que traían alimentos para venderen na cidade. No ano 1901 promocionaron unha greve xeral en que as forzas represivas dispararon de xeito indiscriminado e asasinaron varias persoas, entre elas cinco mulleres: Benita García, Manuela González, Josefa Corral, Concepción Alonso e Encarnación Alonso.

En decembro de 1902, o anuncio da empresa de consumos do porto de instalar básculas nos peiraos para gravar o peso do peixe xerou un forte rexeitamento. As peixeiras identificaron

de inmediato o impacto negativo desta medida, que se traducía para un aumento significativo dos prezos e que prexudicaría tanto o seu traballo como a economía das clases traballadoras. O conflito desatou na cidade unha mobilización sen precedentes. No día 21 de decembro de 1902, un grupo numeroso de peixeiras dirixiuse ao concello da Coruña para exixir unha reunión co alcalde Martínez Fontenla. Posteriormente,



entrevistáronse co gobernador, deixando clara a súa determinación de impediren a colocación das básculas. Este foi o inicio dunha intensa loita marcada pola valentía e a organización destas mulleres. No día 1 de xaneiro de 1903, grazas á presión exercida, a instalación das básculas foi atrasada. No entanto, a empresa de consumos continuou coa súa intención, alegando perdas económicas. Para contrarrestaren estas accións, as peixeiras intensificaron as súas protestas e en febreiro de 1903 publicaron unha carta en *La Voz de Galicia*, asinada por quince representantes, Josefa Ventureira Varela, Aurelia González, Manuel R. Barral, Rosa Corral, Concepción Ínsua, Josefa Rodríguez, Lucía Maceiras, Josefa Monteiro, María Illobre, Luz Martínez, Josefa Andrade, Rita Pérez, Francisca Seijas, Antonia Santiago e María Fernández, denunciando os prezos elevados e o impacto devastador que tería o imposto na economía local. A 10 de febreiro, as básculas foron finalmente instaladas nos peiraos de Montouto e Garás, rodeadas por un forte despregamento policial e da Garda Civil, o que provocou unha reacción inmediata. As peixeiras organizaron un boicote masivo, negándose a pesaren o peixe e promovendo unha paralización total da actividade. Alén disto, conseguiron o apoio dos mariñeiros –organizados na sociedade traíñeira La Humanidad Libre–, que decidiron non descargar peixe como mostra de solidariedade. As protestas intensificáronse nos días seguintes. As peixeiras vixiaban os peiraos, impedían desembarques e bloqueaban a venda de peixe nas prazas. Houbo momentos de grande tensión, como cando as mulleres




advertiron que aquelas que levasen peixe a pesar serían obxecto de represalias. Tamén denunciaron irregularidades nas básculas, que estaban mal calibradas ou que carecían de pesas, o que aumentaba o sentimento de inxustiza.

A capacidade de organización das peixeiras ficou patente nas múltiples reunións e mitins que protagonizaron. Nun encontro na sociedade Germinal, María Vázquez Mejuto, coñecida como “Morenita”, destacou como unha das líderes máis carismáticas. Na súa intervención, denunciou os abusos da empresa de consumos e chamou á unidade para continuar a loita; as súas palabras foron recibidas con fortes aplausos e convertéronse nun símbolo da resistencia.

Noutra reunión multitudinaria, celebrada na praza de touros, en que se conta que asistiran 7.000 persoas, María Vázquez falou novamente, esta vez vestida cun pano encarnado e un mantón negro, detalles que reforzaban a súa imaxe de líder popular. A súa intervención foi destacada pola imprensa da época, que subliñou a súa claridade e facilidade para se comunicar. Durante o mitin, reclamou o apoio das clases acomodadas para unha subscripción que beneficiase as peixeiras, mais advertiu tamén que, de non conseguir resultados, as mulleres tomarían accións máis contundentes. No día 14 de febreiro, tras semanas de presión e mobilizacións, o alcalde e a comisión de facenda tomaron a decisión de destinaren 17.500 pesetas como bonificación á empresa de consumos para que retirase as básculas. Ao día seguinte, estas foron desmanteladas, desatando celebracións entre as peixeiras e a comunidade que as apoiara. Esta vitoria representou un triunfo da organización e a loita colectiva fronte á opresión.

A loita das peixeiras da Coruña eríxese nun exemplo emblemático da capacidade das mulleres traballadoras para defenderen os seus dereitos e o seu sustento. As reivindicacións das peixeiras non só remataron co conflito das básculas, mais marcaron un precedente para futuras accións obreiras e sociais. A súa valentía, determinación e capacidade para se mobilizaren deixaron un legado que transcendeu o conflito concreto. Non só conseguiron protexer o seu traballo, mais tamén demostraron a importancia da unión e da solidariedade nas loitas sociais. A forza das mulleres nestas friccións simbolizou o poder do colectivo fronte ás inxustizas e reforzou o papel das mulleres como axentes da transformación na sociedade.



IRMANDIÑAS



En maio de 1916 xurdiron na cidade da Coruña as Irmandades da Fala (IF). Unha única muller asistiu a esa primeira reunión, Micaela Chao Maciñeira, mais axiña comezou a se percibir a necesidade de crear un grupo de mulleres dentro das Irmandades, e así, en agosto de 1918, fundouse a "Sección Feminina" da Irmandade da Fala coruñesa. Con máis de 200 asociadas, segundo indica *A Nosa Terra* (ANT), a súa Conselleira Primeira foi Micaela Chao. Logo a ANT do día 25 de decembro de 1918 conta que na asemblea realizada nese Nadal o grupo ficaría constituído así:

Conselleira: Josefa Vázquez

Secretaria: Elvira Bao

Vicesecretaria: Teresa Chao

Contadora: María Balboa

Tesoureira: M^a Hermitas López

Vogais: Micaela Chao, Rosa Martínez,

Avelina Fernández, Teresa Fernández,

María Miramontes, Genoveva Casal e

Avelina Sardina.

Xa antes desa constitución se falaba do grupo das Irmandiñas. Do día 20 de abril de 1917 até aos meados de 1918, rexistrouse n'*A Nosa Terra* unha colecta entre mulleres, co fin de financiar a dotación dunha bandeira galega bordada para a Irmandade da Coruña. Na listaxe de contributos, significativamente encabezada pola propia Micaela Chao, figuraban, entre outras, as súas irmás Tereixa e Carme, Clementina Ponte, Eudosa Álvarez, María Luísa Cabanillas, María Miramontes, Sofía Domínguez, Luísa Souto, Elvira Bao, Ánxela Roibal, Pura González e as súas fillas, Pilar e Pura Lugo, María Balboa, as irmás Mercedes e Ramona Pavón, Ánxela Blanco, Carme Meléndrez, Carme Díaz Varela,



Luísa Souto, as irmás Amalia e Ramona Tettamancy etc. Tamén as cigarreiras da Fábrica de Tabacos da Coruña, que facían parte do montepío La Laboriosa, achegaron 73 pesetas de man da súa presidenta, María Villares, e tamén un grupo de mozas de Sada encabezado por Laura Prado.

Comezaron así a se organizar as Irmandiñas para faceren bandeiras e para outras moitas responsabilidades: son as mulleres que traballaron arreo na creación das Escolas de Ensiño galego e nos grupos de teatro das IF. Quizais, sen a súa presenza e o seu traballo, o Manifesto da Primeira Asemblea Nacionalista (Lugo, 17 e 18 de novembro de 1918) nunca recollese dentro dos Problemas Políticos a "Igualdade de dereitos pra muller". Repárese en que a Constitución española non corroborou o dereito ao voto das mulleres até ao ano 1931, de forma que primeira vez que as mulleres puideron exercer ese dereito foi en novembro de 1933.

Aínda que houbera varias tentativas para facer grupos de mulleres nas IF das localidades, isto non foi posíbel, polo menos até onde hai coñecemento. No caso da Coruña sábese que foron moi activas, mormente na actividade cultural: lémbrese a homenaxe popular que se fai ao violinista

Manuel Quiroga no teatro Rosalía de Castro, a súa presenza no teatro das IF etc. Neste sentido, foron conscientes desde o inicio do valor do teatro como unha ferramenta de concienciación lingüística e traballaron para chegaren coa lingua galega aos públicos urbanos e racharen coa idea de que idioma galego era válido só para tratar temas de ambiente mariñeiro ou labrego. As mulleres e homes das Irmandades apostaron, no teatro, nun proxecto claramente innovador: comezaron a traballar coa tradución ao galego de *As alegres comadres* de Windsor, estrearon *A man de Santiña*, de Ramón Cabanillas, e participaron nos traballos do Conservatorio Nazonal do Arte Galego, creado en 1919. Carme Chao foi actriz na estrea de *A man de Santiña* e na representación da peza do seu cuñado, Antón Vilar Ponte, *Entre dous abismos*. Segundo se contaba, chegou a ser baptizada como a "Sara Bernhart" da escena galega... Jenaro Marínhas del Valle ten sinalado tamén que Micaela Chao Maciñeira amenizaba os entreactos das representacións co piano cando resultaban longos.

Outrosí, eran moi conscientes de que non só a cultura podía dar respostas ás necesidades do pobo galego e o manifesto de 1918 que fan como resposta ao respectivo manifesto da Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME) é o exemplo máis claro do seu traballo político. A ANME promovera un manifesto asinado pola súa presidenta, María Espinosa de los Monteros, contra "o ideal separatista" e a resposta das irmandiñas foi rotunda:


ao falarnos desa unidade nada se di ao noso espírito nin ao noso corazón, nada se di ao corazón e ao espírito da Galiza, cuxos sacrificios por España non recibiron do centralismo máis compensación que o opróbio e a inxustiza [...].

Coa man posta sobre o corazón, coidamos que Cataluña e Vasconia non reclaman senón aqueles dereitos que por lei natural e foro de nacionalidade lles corresponden. Galiza, a nosa Patria, está no mesmo caso que esas nacionalidades irmás e pide á súa vez iguais



dereitos que algún día poden ser exixidos se agora non se lles conceden.

A unidade! Mais, señoras, é que España, esa vosa España que vedes en perigo de perecer tan pronto se manumitan as súas servas, estivo algunha vez unida, de feito, a estes pobos sometidos ao seu férula, sometidos aos seus gobernos oprobiosos e ao arbitrio dos seus




políticos insignificantes, inmorais, dexenerados e de cultura fósil e retardatoria? É que, tanto no espiritual como no político, houbo algunha vez unión entre esta Galiza aldraxada, traballadora e nobre e esa Castela verbeneira, ociosa e taurólatra?

[G]razas, señoras, por vos acordades de que no territorio Ibérico hai un anaco de terra que se chama Galiza e alí unhas mulleres que senten e pensan. Mais ese recordo é tardío. Os pobos, cansos de pediren xustiza, chegan a exixila, nunha exaltación da súa dignidade e o seu dereito. A Galiza non espera nada de Madrid, dos seus gobernos de pandillaxe nin da súa política torpe e mesquiña. Viviu longo tempo no esquecemento e aínda no desdén, na máis absurda das postergacións, e nós, perante o inicuo abandono,

vertemos moitas bágoas sen a solidariedade dun corazón amigo, mentres vós, señoras, sentiades afagadas nas soirées cortesás, seica de brazo de quen nos reducía a condición de escravos, ou repartíades sorrisos desde os palcos nas taurinas festas nacionais.

Editar folletos de propaganda, recoller información sobre a situación laboral da muller galega, participar en determinados actos públicos e implicar os centros galegos de América pola protección á muller emigrada representan algúns dos obxectivos da Sección Feminina das IF. Foron tamén as mulleres das IF as que constituíron a Agrupación Republicana Feminina en abril de 1933, previa reunión de disolución do subcomité coruñés da Liga Internacional de Mujeres. A primeira Xunta Directiva tivo Elvira Bao como presidenta e máis tarde Amparo López Jean, a primeira muller que se afiliou



ao Partido Galeguista na Coruña. O colectivo tiña, entre outros, os obxectivos de contribuír para a xustiza social, defender os dereitos das mulleres, traballar pola consecución dos aínda non recoñecidos e impulsar a cultura. Moitas das súas dirixentes serían represariadas, como as mestras expulsadas do ensino, e algunhas outras, cal Amparo López Jean, morreron no exilio. Elvira Bao estivo presa e a Comisión Depuradora do Maxisterio ditaminou a súa expulsión definitiva do ensino.

Tamén foi unha palestra organizada pola Agrupación Republicana Feminina e proferida por María Barbeito, *A muller, antes, agora e despois*, o ámbito onde se defenderon loitas que hoxe continúan a ser absolutamente centrais nas reivindicacións feministas: "Estabamos afastadas da maior parte dos dereitos de cidadanía e non isentas, con todo, de ningún deber". Ao tempo, explicaba as teorías máis avanzadas da pedagogía do momento, como era e é a idea de educar en igualdade nenas e nenos: "imponse a coeducación, coco de pusilánimes e desconfiados, mais positivo acerto da Pedagogía". E remataba a conferencia a sinalar unhas asisadas recomendacións: "Sede fortes, sede serenas, sede xenerosas; non combatades o inimigo [...]. [N]on lle cedades un só palmo de terreo, mais non lle causedes unha soa dor inútil". No entanto, a pesar destas pacíficas palabras, a conferencia formará parte do prego de cargos contra María Barbeito formulados pola Comisión Depuradora do Maxisterio da Coruña, que a acabará expulsando do seu posto de traballo por "actuar intensamente fóra da escola, pronunciando conferencias en centros esquerdistas como Agrupación Feminina Republicana afecta a Esquerda Republicana".

Nomes propios, xunto a outras mulleres anónimas, conformaron as Irmandiñas, as mulleres das IF, cun traballo relevante e cun compromiso auténtico, fundamentais por



si mesmas e non por ser "a muller de", segundo tradicionalmente se contou. As mulleres das IF foron mulleres que non quixeron ser, e non o foron, satélite de ninguén, e é por iso que brillaron con luz propia.

Para saber máis:
Marco, Aurora (2020). *Irmandiñas*. Santiago de Compostela: Laiovento.



MANDADEIRAS

As mandadeiras enformaban un colectivo moi numeroso, maioritariamente feminino, que se dedicaba a facer mandados, recados e encargos nas casas particulares, nos comercios, nos hoteis ou no porto. Transportaban as equipaxes das persoas inmigrantes que desde finais do século XIX embarcaban no porto da Coruña cara a América. Moitas familias tiñan de man unha mandadeira que pasaba de cando en vez pola casa para ver se era necesario facer algún recado, levar unha carta a correos ou un paquete a outra casa. Desde os comercios e desde os mercados de abastos da cidade, igualmente, levaban ás casas as compras realizadas, como tamén traían e transportaban produtos desde a lonxa aos mercados. Era un traballo que podía requirir moita forza, como o realizado para mover maletas desde as casas, hoteis ou fonda até aos barcos do porto. Con moita frecuencia, esas traballadoras tiveron de facer fronte á vulneración dos seus dereitos por parte dos homes, que desenvolvían traballos semellantes e que as consideraban intrusas. Cando isto sucedía e exixían a presenza das forzas da orde, estas case nunca aparecían



XOSÉ CASTRO

para resolveren os problemas cos mozos nas paradas dos coches ou cos estibadores no porto.

La Voz de Galicia recolleu (11/08/1903) como unha comisión de mandadeiras, formada por Antonia Rodríguez, Josefa Adela, Consuelo e María Mosquera López, tivo de pedir axuda ao xornal para denunciar abusos que se cometeran contra elas:

Din que, a pesar de ter licenza gubernativa de modo a exercerem a súa industria e a presentaren para iso unha garantía, véñenselles pondo trabas para cumpriren o seu labor, sen que consigan que os axentes da autoridade lles presten o seu apoio.

En xuño de 1919, as mandadeiras crearon o sindicato La Energía Social e enfrontáronse ao colectivo de hoteleiros e fondistas polas estafas e comisións ilegais que aplicaban aos viaxeiros; unha das medidas foi denunciaren esa situación por medio de follas voadeiras:

Non se realiza, con creces, esa explotación por cantos obrigados pola lei a teren á vista as tarifas, as retiran cando hai "barco á vista"? E non é público tamén que hai quen cobra ao pasaxeiro cinco ou máis pesetas por baúl e paga á demandadeira con seis reais, prezo actual de tarifa? [...]. [A] que obedece a visita dos hostaleiros e fondistas ao gobernador? Que perseguen eses señores? Que é o que ansían? Pois sinxelamente explotárennos a nós e os pasaxeiros. Sendo eles, como até aquí foron, os que se entendían con estes, ben está claro que para o que apuntan é que o devandito estado de cousas continúe polo seu só e exclusivo beneficio [...].



ÁNGEL BLANCO

Nós advertimos o gobernador e o pobo que eses señores tentaron sorprenden a súa boa fe facéndoo ver as cousas baixo un aspecto risíbel. Moralidade! Boa estea a moralidade, señores da marxe! Ou é que aspiran vostedes a acapararen o servizo? É así? Atinamos? Pois nesta actitude continuaremos até conseguirmos o que vostedes non poderán alcanzar, e, aínda cando somos mulleres, sóbranos enerxía para non nos deixarmos arrebatat o que vostedes pretenden coa súa tola ambición e desmedrado egoísmo [...].

[!]mpóñase o bon sentido e non traten de nos arrebatat un pan amasado con traballo penosísimo. Reduzan vostedes ese propósito de se quereren lucrar aínda máis coa suor allea.

Un dos problemas máis recorrentes con que bateron foi o intrusismo e chegaron a solicitar ao concello en 1910 que se lles facilitase un distintivo para se poderen identificar. No tocante á súa vixencia posterior, o oficio de mandadeira foi desaparecendo devagariño, moito embora se mantivese nas décadas de 80 e 90 do pasado século nalgúns mercados públicos da cidade, cal foi o caso da praza de Lugo.

Para saber máis:

Brey, Gerard (1992). "Mulleres e conflictividade social na Coruña (1874-1910)", en *Os conquistadores modernos*: 183-210. Vigo: A Nosa Terra.



EL PROGRESO FEMENINO

Un número inxente de mulleres traballaba en diferentes oficios no porto: carrexadoras de carbón, chaboleiras, redeiras, peixeiras, empacadoras etc. Nalgúns destes traballos, estaban metidas na auga até á cintura as máis das veces. Procedentes dos bairros obreiros da cidade, realizaban labores especialmente duros nos diferentes peiraos ou no *muro*, como popularmente se chamaba, e así aparece sinalado nun xornal da cidade:





Cada unha destas pobres mulleres –dicía onte nos peiraos un ilustrado facultativo que de todo isto ten razón para estar decatado– pode dicirse que carrega cada día de catro a cinco toneladas de carga. É faena de verdade ruda a súa (LVG, 24/11/1906).

Tratábase de moita man de obra feminina en tarefas mal remuneradas, o que convertía o oficio en máis esporádico e en susceptible de as súas protagonistas coñeceren unha maior explotación. Nestes medios, hai que sinalar as tarefas máis incómodas realizadas polas mulleres no porto era o da carga e descarga, con produtos como o carbón, sales minerais, gran, peixe etc. Este traballo daba sustento a un número moi importante de coruñesas, aínda que tivese un salario escaso segundo denunciaban a prensa e as sociedades anarquistas na época, o que fixo que acabase por ser un dos motivos dos actos de protesta destas traballadoras. Do punto de vista da organización sindical, en novembro de 1910 fundouse El Progreso Femenino. Sociedad de cargadoras y descargadoras de carbones, sales y minerales, da Coruña, continuadora de La Libertad en el Trabajo, que agrupaba as mulleres que carrexaban con paxes e cestos polo porto coruñés. El Progreso Femenino loitou para alcanzar reivindicacións, cal as 8 horas “como os homes”.

En ocasións, as mulleres tamén estaban expostas a enfrontamentos cos homes porque eran labores que eles reclamaban como propios. Como era costume naquela época, mais como tamén aínda agora continúa a se constatar, as mulleres cobraban menos que os seus colegas masculinos e por iso foron vistas como unha ameaza. Realizando o mesmo traballo, o salario masculino era, no mínimo, dúas ou tres veces superior ao delas. A prensa da cidade rexistrou varios incidentes de certa gravidade protagonizados polas descargadoras, como o acontecido en novembro de 1906, cando pedían unha relativa equiparación cos salarios dos homes:

Onte declarouse en greve o exercito de laboriosas mulleres que a diario traballan nos peiraos na carga e descarga de carbón, de mineral, de mercadorías diversas [...]. O movemento estalou onte bruscamente porque as cargadoras entenderon que non debían continuar a percibir un soldo de cinco reais diarios [...]. Os homes empregados en faenas análogas perciben catro pesetas despois do último aumento e parece existir nisto algo de desigualdade que procede esvaer equitativamente. Elas non piden que os soldos se confundan. Prudentes co sexo oposto, limitáanse a desexaren que se equipare en forma prudencial. Reclamaron dúas pesetas de xornal diario e, como non as concederon a todas, acordaron unánimes suspenderen o traballo [...]. Persuadidas talvez diso as interesadas, abandonaron o alixo de minerais e de sal, ben como a carga do carbón, tan indispensable para a subministración dos buques atracados nos peiraos. Algúns patróns, antes de o conflito tomar incremento, aviñéronse a lles concederlles os 75 céntimos pedidos, mais xurdiu un caso de solidariedade especial. Os grupos de mulleres xa favorecidas coa alza do soldo non se resignaron a que as súas compañeiras continuase a traballar a menos prezo e, en grupo tan crecido como resoante, dirixíronse a elas, interrompendo o seu penoso trafego (LVG, 24/11/1906).





É importante destacarmos a sempre presente solidariedade. Se con presión, greve ou motín, as mulleres esteaban unhas mellores condicións laborais, entón estaban dispostas a continuaren coa loita até todas se beneficiaren das medidas. Naquela ocasión non conseguiron a equiparación que reivindicaban, mais si un aumento considerábel do salario que significou un importante triunfo das mulleres.

Noutra orde de ideas, eran capaces de se confrontaren aos conflitos con forza e determinación, mais tamén, noutras ocasións, tentaban a negociación pacífica. Con data de 15 de outubro de 1910, Rosario Fernández, Obdulia Prego, Carmen Canosa y Mercedes Vidal, en nome de 90 descargadoras de carbón, escriben unha carta dirixida ao gobernador civil denunciando que de noite a visibilidade era practicamente nula e, coa carga que soportaban sobre as súas cabezas, o perigo de caeren ao mar era moi grande; pedíanlle que mediase perante os patróns:

Que sendo demasiado excesivo e material o traballo que a diario exercen na cargas aos vapores de pesca do devandito combustíbel, dándose o caso destas desde as sete da mañá até ás doce e unha da noite a maioría dos días e case na súa totalidade, a vostede humildemente suplican que se digne emprestarnos a súa valiosa influencia para que os patróns do carbón, D. Andrés Souto Ramos, D. Dionisio Tejero, D. Eduardo del Río e D. Sisto Pedregal, accedan á nosa reclamacións que as xulgamos xustificadas.

Igualmente, reclamaban a supresión da quenda da noite: "Non só por estar moi mal retribuído, mais por ser perigoso o pasar os ferros dos barcos con 60 ou 70 quilogramos de peso á cabeza despois de traballar nove horas polo día". Tamén escriben na carta: "Continuaremos a carga ou descarga a todos os barcos que se acharen atracados no peirao antes das cinco e media da tarde, contaremos as horas que levan as ditas faenas como horas extraordinarias e sen que estas pasen das sete da noite"

Mais, ao tempo que pregaban xustiza, non renunciaban á necesidade de ameazaren con accións contundentes se non eran escoitadas

Como consideramos xustas estas peticións, nomeamos a vostede como primeira autoridade da provincia e co respecto debido, para que sexa mediador neste asunto, pois en caso negativo por parte dos devanditos patróns verémonos obrigadas a apelarmos a todos os medios legais que estean ao noso alcance para conseguirmos o que xustamente reclamamos.

Finalmente, outros dos oficios ligados ao muro era o das empacadoras. Carrexaban e manipulaban o peixe fresco que chegaba nos barcos para logo o transportaren aos mercados. A importancia deste colectivo non debeu de ser menor, pois creou en 1934 un sindicato adscrito á CNT que agrupou case un millar de operarias. Moi combativas, conseguiron o descanso dominical, eliminado pola ditadura de Primo de Rivera, e foron un dos grupos máis solidarios con outras traballadoras en conflitos laborais. Outrosí, hai que salientar que correspondeu a un dos primeiros colectivos laborais en que as mulleres ocuparon postos de responsabilidade nas estruturas sindicais.



Para saber máis:

Oiza Galán, Jaime, & Suárez Rodríguez, María de la O (2009). *O traballo visible das coruñesas nos documentos do arquivo municipal. Séculos XVIII-1ª metade do XX*. A Coruña: Concello da Coruña.



AS CIGARREIRAS



Na Fábrica de Tabacos da Palloza concentrouse o maior cadro de persoal fabril de cantos existiron na Galiza no século XIX. É verdade, porén, que non era a primeira empresa da Coruña que empregaba mulleres, pois nos séculos anteriores xa había traballo fabril na cidade: foi o caso da Real Fábrica de Mantelaría, negocio de lenzos e manteis fundado nos anos 1684/1685 que daba traballo a máis de 100 operarias. De calquera modo, antigüidade, volume de produción e número de traballadores, a fábrica de tabacos destacou no panorama xeral das factorías galegas. Comezou a funcionar nas instalacións que ocupaban os Correos Marítimos, cando estes foron deslocalados a Ferrol en 1802. A elaboración do tabaco debeu de comezar en 1804, aínda que só se teña constancia documental a partir de 1807. Ao longo da súa dilatada vida, a fábrica foi ampliando as instalacións, renovando a maquinaria e aumentando e especializando a produción.

Foi nota característica das fábricas de tabacos empregaren maioritariamente mulleres que, co pretexto de desenvolveren mellor que os homes “o delicado labor da elaboración dos cigarros” (tal como figura no decreto de creación da fábrica), permitía, ben ao Estado ou á Compañía Arrendataria de Tabacos (que explotaba o monopolio dese produto entre 1887 e 1945) e posteriormente a Tabacalera ou Altadis, obter uns enormes beneficios. As cigareiras constituíron, en todas as cidades que contaron con fábricas de tabacos, un grupo ben diferenciado no conxunto da poboación asalariada. Como acontecía con todos os colectivos femininos, as cigareiras tiveron de soportar que os seus salarios fosen moito menores que os dos homes, aínda que realizasen un traballo similar. Con todo, sempre foi un grupo ben remunerado e que desenvolveu o seu labor nunhas condicións mellores que o resto de colectivos fabrís maioritariamente femininos (modistas, tecedoras etc.). A razón estaba nos altos beneficios obtidos pola venda do tabaco, situación que permitía á empresa conceder determinadas peticións das traballadoras.

Para poder cumprir coa dupla faceta de ama de casa (e de nai de familia na maioría dos casos) e de traballadora de fábrica, o regulamento da fábrica establecía unha ampla flexibilidade para as entradas e as saídas. Desde o inicio da fábrica e até á entrada en vigor da xornada laboral máxima das oito horas, o seu salario non era fixo, mais estaba en relación co número de cigarros elaborados, ou sexa, cobraban por obra feita, en función da súa habilidade e do número de horas traballadas, de modo que só elas sabían o que realmente percibían. Estas peculiaridades, para alén da tranquilidade e da seguridade que daba traballar nunha empresa sen riscos de quebra, facían que as cigareiras fosen vistas como unha auténtica aristocracia operaria no conxunto das clases traballadoras do século XIX. Ben o observara a atenta ollada de Emilia Pardo Bazán na novela *La Tribuna* (1882), unha das mellores obras da narrativa naturalista española, protagonizada pola cigareira Amparo:

Outra causa para Amparo se reconciliar de todo coa fábrica foi o acharse en certo modo emancipada e fóra da patria potestade desde do seu ingreso. É verdade que daba aos seus pais algo do seu gaño, mais reservando boa parte para si; e como o labor era arreo, nas xemas dos dedos tiña o medio de acrecentar as súas rendas, sen que ninguén puidese pesquisar se cobraba oito ou cobraba dez. Desde o día da súa entrada vestía o traxe clásico das cigareiras: o mantón, o pano de seda para as solemnidades, a saia de percal pasada o ferro e de cola.

A Fábrica de Tabacos foi un elemento neurálxico na vida económica da localidade. Anotamos soamente un dato suficientemente significativo: en meados do século XIX traballaban nela unhas 4.000 mulleres e a poboación total da Coruña non chegaba a 30.000 habitantes. Isto significaba que, aínda que nin todas as cigareiras vivisen na cidade, pois acudían desde os núcleos rurais veciños, eran poucas as familias que non tiñan algunha muller empregada na fábrica. Tal circunstancia creaba uns intensos vínculos entre a Palloza e a urbe e os problemas da empresa, case sen remedio, pasaban a ser problemas da cidade, o que explica doadamente a continua intervención das autoridades locais na rápida solución dos problemas orixinados, ben como a atención e os espazos que a imprenta local dedicaba ás cigareiras.

Os conflitos laborais eran frecuentes nas fábricas e a da Palloza, naturalmente, non foi unha excepción. Alén de conflitos menores, durante o século XIX dous foron os máis representativos: o de 1831, consistente nunha maioritaria e ruidosa protesta con subsecuente negación de ir traballar, cuxas causas asentaban na falta de tabaco (de modo que vían reducido o xornal) e no descontento pola actuación dun inspector de labores, excesivamente exixente co tabaco elaborado. O segundo tivo lugar en 1857 e constituíu o mellor exemplo galego de protesta ludista; o albo das cigareiras non eran os directivos da fábrica, mais as novas máquinas introducidas pouco antes, conforme narra *El País. Diario de Pontevedra* (13/12/1857):

Na segunda feira 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade [A Coruña]. Alborotáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco picado, pitos e folla que tiveron á man e o que facía tempo estaban a elaborar, pisándoo e lanzándoo ao mar, romperon e fixeron pedazos as máquinas novas de picar o tabaco, e que se di que



custaron catorce mil pesos, tirándoas ao mar, o mesmo que os móbeis, papeis, libros de caixa e efectos que acharon nos cuartos do director

Este mesmo xornal contaba como as cigarreiras, despois de destruíren as máquinas, tiraran ao mar unha caixa que contiña 22.000 reais e como logo un grupo numeroso delas subira até ao tellado da fábrica. É entón cando o Capitán Xeneral e o Gobernador Civil enviaron tropas de infantaría e de cabalaría para acabaren coa revolta. Máis de vinte mulleres foron detidas e, ao seren conducidas á prisión do Parrote, outros grupos de mulleres apedrearon os militares que as custodiaban, até que a Garda Civil cargou contra elas e dispersou as manifestantes.

A escaseza de tabaco deu motivo para varias protestas masivas na Palloza, en que sobresaíu o conflito de 1874, en canto as reivindicacións salariais e laborais provocaron o de 1882. A necesidade de procurar vías de solución para os conflitos fixo as cigarreiras organizárense, primeiro formando sociedades de socorros mutuos e caixas de primeiros auxilios e posteriormente formando sindicatos. Así, animadas polo líder sindical socialista Severino Chacón, fundaron en 1916 Unión Tabacalera, formación que foi o xermolo da Federación Tabaquera Española, en que a inmensa maioría de cigarreiras e tabaqueiros de todas as fábricas de tabacos da península se afiliou. Pouco despois, fundouse Nueva Aurora, auspiciada pola poderosa Federación Local, tentando impedir que un colectivo tan significativo como eran as cigarreiras se organizase sindicalmente fóra de seu seo e tendencia anarcosindicalista. As tensións entre as asociadas dunha e outra sociedade foron permanentes e alcanzaron momentos de especial virulencia entre 1918 e 1920. As tácticas sindicais de Chacón permitiron que as cigarreiras conseguisen múltiples melloras, e, grazas ao crecemento da afiliación, foi posíbel cumprir parte dun programa que se viu interrompido polo inicio do Golpe de Estado fascista do ano 36: a creación de centros sociais para atenderen as necesidades das cigarreiras, mormente as daquelas sen familia, para que contasen cun lugar de refuxio na súa vellez. Así se construíu na Coruña, grazas ás achegas

económicas das propias afiliadas á Unión Tabacalera, a coñecida como Casa das Cigarreiras, fronte á fábrica, edificio incautado polas autoridades fascistas en 1936.

Co inicio da Guerra Civil houbo unha profunda depuración na Palloza, mais a necesidade de contar con cigarros para atender as tropas sublevadas fixo que axiña se reiniciasen os traballos. A vida na fábrica mudou radicalmente e desapareceron as actividades sindicais e reivindicativas, mais as cigarreiras continuaron a ser un referente elemental na cidade. Foi unha mágoa que esta vetusta fábrica non puidese celebrar o seu 200 aniversario. Os intereses económicos decretaron o seu encerramento definitivo no remate do ano 2002, a pesar das masivas protestas e mobilizacións que a cidadanía coruñesa protagonizou no apoio das súas traballadoras.



Para saber máis:

Romero Masiá, Ana (1997). *A fábrica de tabacos da Palloza: produción e vida laboral na decada das fábricas coruñesas*. A Coruña: Federación de Alimentación, Bebidas e Tabacos de Galicia de UGT.
Romero Masiá, Ana (2001). "As cigarreras coruñesas: reivindicación, politización e solidariedade na Palloza (1804-1936)", en *El republicanismo coruñés en la historia: 169-177*. A Coruña: Concello da Coruña.



AS LABREGAS



- AHCIAM



*Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a aldea que traballa
disposta pra loitar.*

Ramón Cabanillas

Desde hai tempo, os feitos desmontan o relato de o pobo galego ser un pobo submisio.. Viuse nos capítulos precedentes e tamén se pode verificar agora con só orientarmos o ollar desde as cidades cara ao campo. Repárese nos revoltas irmandiñas, que se adiantaron ao movemento agrario ruso en cinco séculos e que orixinaron a maior rebelión europea de todo o século XV: foi unha revolución que tivo lugar na Galiza entre 1467 e 1469, nunha situación de conflito social contra os abusos por parte da nobreza. Anteriormente, millares de labregas e labregos unidos en irmandade levantáronse contra os señores que os asoballaban e que exixían rendas e servizos que non lles correspondían. Nos principios da primavera de 1467 lanzouse a consigna de derrubar as fortalezas, símbolo do acoso señorial, e deu comezo unha revolta contra as inxustizas que o pobo sufría por parte das clases nobiliares: durante máis de dous anos, decenas de fortalezas por toda a xeografía galega foron destruídas, provocando a fuxida dos señores. No entanto, a resposta non se fixo agardar: en 1469, comandados por Pedro Madruga, estes recuperaban as súas antigas fortalezas e castigaban os rebeldes que loitaban por un mundo máis xusto. En poucas décadas, aquela vella orde sería substituída por un control máis férreo por parte da monarquía e administración castelás no noso país, esteando o proceso histórico coñecido como "doma e castración" do reino da Galiza.

É verdade que desa época se torna difícil coñecermos o papel xogado polas mulleres, aínda que algún nome chegase até nós, como é o caso de Xoana de Castro, que fixo parte da Irmandade. Porén, se analizarmos o sucedido nos últimos 150 anos para falarmos da forza e capacidade de mobilización do movemento agrario e do papel xogado, dentro del, polas mulleres, veremos que se dispón de interesantes materiais documentais. Desde finais do século XIX e principios do século XX producíronse por toda a Galiza levantamentos e mobilizacións de labregas contra o caciquismo, contra a hierarquía eclesiástica, contra o pagamento dos foros ou contra o cobro de abusivos e inxustos impostos, con resultado de mulleres asasinadas. Unha historia de rebeldía, en fin, que continuaría no tempo.

Algúns destes acontecementos dan conta da forte unión veciñal en defensa do que consideraban xusto e contra o poder de quen se sabía intocábel, cal era a aristocracia eclesiástica. En abril de 1909 foron asasinadas varias persoas de Oseira. O Bispo de Ourense mandara retirar o baldaquino barroco do mosteiro cisterciense da vila, elaborado no século XVII e atribuído a Domingo de Andrade. A veciñanza opúxose, pois iso representaba a súa maior riqueza, de maneira que o líder eclesiástico recorreu á Garda Civil para conseguir os seus propósitos. A veciñanza, sobre todo mulleres e crianzas, congregouse masivamente na igrexa do mosteiro, armada con apeiros de labranza para protexer o baldaquino. Mais as forzas da orde utilizaron as armas co resultado de sete persoas mortas e doce feridas (**entre elas unha meniña de 14 anos, María de la Paz Fernández, e unha muller grávida, de 22, Manuela González Rodríguez**). Aínda que se tratase de exculpar a Garda Civil asegurando que o pobo arremeteu con armas de fogo, o certo foi que tras os sucesos só se acharon pedras e unha baioneta vella atada a un pau.

Dez anos despois, en febreiro de 1919, tivo lugar o masacre de Sofán, en Carballo de Bergantiños, cando a Garda Civil asasinou 4 mulleres. A gripe de 1918 estaba a causar millares de centos de mortos en todo o mundo. Neste contexto, o concello acordou a construción dun novo cemiterio incentivado polos sectores caciquís, mais a maioría da veciñanza opúxose, xa que prefería a ampliación do vello. No domingo 16 de febreiro de 1919 íase enterrar un neno de catro anos cando a Garda Civil, con algúns elementos perigosos ao servizo dos caciques locais, tentou parar a comitiva fúnebre. A poboación opúxose e en resposta os axentes da orde asasinaron esas catro mulleres e deixaron varios feridos. As asasinadas foron: María Caamaño Pallas (nai de sete fillos e grávida), Carmen Veira Souto, con catro fillos, María Serrano Paz e Josefa Bolón Mato. Hai que notar que os relatos dalgúns destes feitos chegan até á actualidade comunmente envoltos na terxiversación: quizais fose imprescindible ampliar o cemiterio, mais nada se conta dos intereses do cacique local e dos terreos que tiña para negociar.

Noutras ocasións é unha localidade enteira a que se levanta contra a deficiente xestión que leva un concello á quebra. Mais, quen afrontaba as consecuencias? Quen gobernou de xeito desastroso? Na maior parte dos casos, as familias labregas e a veciñanza socioeconomicamente mais desfavorecida eran as que tiñan de pagar as consecuencias. No día 12 de outubro de 1916 as labregas Francisca Carou, Ramona Suárez, Generosa Vidal, Rosa Cadór-niga e Antonio Sobrado foron asasinados a tiros por axentes da Garda Civil na ponte de Cans (Nebra), despois dunha mobilización popular contra o cobro de impostos elevados de máis. Os feitos viñeron xerados pola situación creada pola má xestión do Concello de Porto do Son que, para pagar unha débeda coa Deputación, impuxo unha recadación especial á veciñanza coa ameaza de embargo. Este acontecemento, que fai parte trágica da historia galega contemporánea, proxectouse tamén na literatura. Así, no *Álbum Nós* publicado en 1931, Castelao fixo constar, ao pé dunha das cincuenta estampas do volume, a lenda "¡Un padrenuestriño pol-os que morreron en Oseira, Nebra e Sofán!" Anos despois, Manuel María voltaría sobre as estes símbolos da loita contra as inxustizas sociais no seu libro *As rúas do vento ceibe* (1979):

**Oseira, Nebra e Sofán,
Nebra, Sofán e Oseira:
¡defenderon pobo e pan,
xustiza, patria e bandeira!**



Outro dos sucesos que dá conta da forza e amplitude do movemente agrario foi o sucedido en Sobredo. En xullo de 1922 desenvolveuse o Congreso Regional Agrario de Tui, evento en que nacería a Confederación Regional de Agricultores Gallegos, cuns 62.000 labregos e labregas nun inicio e máis de 400 sociedades agrarias vinculadas. Alí decidiron oporse ao pagamento dos foros. Catro meses despois, uns dous mil labregos e labregas, convocadas a golpe de badaladas e de foguetes, solidarizáronse en Sobredo, freguesía de Guillarei, en Tui, cun veciño que se negaba a pagar os foros, arengando en favor de “A terra para quen a traballa”. No día 28 de novembro de 1922, Xoaquín Estévez Besada de Soutelo e Venancio González Romero de Budiño, ambos do concello de Salceda de Caselas, e a labrega Cándida Rodríguez, do concello de Tui, foron asasinados por se manifestaren en solidariedade cun veciño do lugar a quen ían embargar as terras perante a súa negativa a pagar o foro.

Neste breve percorso por diferentes loitas agrarias non se pode esquecer a loita das Encrobas. En 1975, Unión Fenosa acordou explotar un xacemento de lignito no subsolo do val das Encrobas, Cerceda, onde vivían unhas 1.500 persoas. Para abaratar custos, a empresa optou pola extracción a ceo aberto, o que supuña desalojar 400 familias coas súas vivendas e o seu modo de vida, o que provocou o rexeitamento de toda a xente. O ditador Francisco Franco, no último Consello de Ministros que presidiu antes da súa morte, aprobou o expediente de expropiación forzosa. En agosto de 1976, ao berro de “**A terra é nosa e non de Fenosa**”, manifestáronse unhas 5.000 persoas polas rúas da Coruña e foron dispersadas pola policía. No día 15 de febreiro de 1977 produciuse a maior protesta agraria das últimas décadas cando a veciñanza, correndo polo monte, se enfrontou ás forzas de seguridade con sachos e paus. Ducias e ducias de mulleres labregas utilizaron os seus paraugas para se defenderen dos gardas civís.



Para saber máis:

AAVV (2018). *Rebeldía agraria contra a inxustiza*. Santiago de Compostela: Sermos Galiza.



HIJAS DE GALICIA



A chegada máis ou menos masiva de mulleres galegas a Cuba produciuse sobre todo a partir da proclamación da república na illa no 1902. A burguesía cubana, en pleno desenvolvemento naqueles primeiros anos de independencia, comezou a demandar, como signo de distinción social, un servizo doméstico branco: amas de cría, cociñeiras, coidadoras de crianzas e serventas. Tamén a industria tabaqueira precisou dos seus servizos. Neste sentido, non se pode esquecer que os galegos foron un dos grupos do estado español con maior número de mulleres emigradas, boa parte delas partindo do porto da Coruña.

Porén, a chegada de mulleres emigrantes non foi ben recibida entre o colectivo galego da illa, entón moi masculinizado. En xullo de 1903, un cronista

da revista habaneira *Galicia* referíase á inmigración da muller como unha realidade de “proporcións alarmantes”, ao paso que a publicista galego-cubana Mercedes Vieito, defensora da integración feminina no Centro Galego, a definía nun artigo de 1920 na revista *Galicia* como “as caravanas da dor”. De calquera modo, as mulleres continuaron a emigrar durante a Primeira Guerra Mundial e os anos seguintes, mais o aumento do seu número xerou alarma entre a colonia galega, que, a través da prensa, iniciou unha campaña contra a emigración feminina. Aduciábase desarraigamento familiar, despoboamento do medio rural e prostitución. Esta última, en moitos casos, era inducida por persoas que crearon verdadeiras redes entre as aldeas galegas e A Habana.

Durante o chamado Bienio Dourado Cubano de 1919 e 1920, a prostitución entre as serventas españolas –na súa maioría galegas– foi motivo de escándalo para a colonia procedente da península ibérica. A prensa galega reaxiu defendendo a honorabilidade das súa paisanas dun punto de vista paternalista, exixindo ao Estado español que puxese fin á emigración feminina. En 1925, a feminista cubana Hortensia Lamar dicía nunha conferencia:

Outra fonte abastecedora da prostitución é a inmigración. A española que vén traballar honrada, reunir moitos cartos para mandar á súa aldea. Moitas na travesía sucumben, as demais aquí, onde as sociedades rexionais non lles dan protección ningunha. A maioría é explotada polos propios paisanos, os eternos curmáns protectores, ou o noivo que nunca falta, e que xeralmente as seduce e abandona logo, e así, de banzo en banzo vai rodando á abxecta escravitude de onde non volta a saír.

O historiador cubano Julio César González Pagés, no seu libro *Galegas en Cuba* (2019), menciona casos como o de María García Martínez, unha coruñesa de 18 anos de idade

obrigada a posar para fotografías pornográficas desde os 14, e posteriormente forzada á prostitución por un proxeneta que a levou ao roubo, á estafa e finalmente ao cárcere.

Nas sociedades microterritoriais –as chamadas sociedades de instrución, que xurdiron en Cuba e na Arxentina–, as mulleres foron admitidas como socias con dereitos limitados. En entidades como o Centro Gallego de Santiago de Cuba ou Juventud Gallega de Ciego de Ávila, tiñan certa presenza, mais na grande sociedade macroterritorial, o Centro Gallego da Habana, sempre foron excluídas como socias e, por tanto, dos seus servizos sanitarios. O Centro Gallego crecera grazas á oferta de servizos médicos, inicialmente a través de terceiros e logo coa creación do seu propio sanatorio, La Benéfica. Alén disto, na educación, as desigualdades eran evidentes: en canto os fillos das persoas asociadas tiñan acceso gratuíto á escola Concepción Arenal, as súa fillas debían pagar 6 pesos anuais.

Os conservadores do Centro Gallego argumentaban que admitiren mulleres como socias arruinaría a institución polos custos dos partos. O longo camiño cara á integración feminina foi liderado polos sectores máis progresistas da colonia galega e pola revista *Galicia*. Desde 1914, a publicación denunciaba a exclusión das mulleres, destacando as achegas do



BdeG

xornalista e poeta Roberto Blanco Torres. En 1915, Solidaridad Pontevedresa foi a primeira entidade en estender a actividade mutualista ás mulleres, asociándose a unha clínica para lles ofrecer servizos sanitarios. A iniciativa foi o xermolo de Hijas de Galicia, fundada no día 18 de xaneiro de 1917. En 1959, Hijas de Galicia era a maior sociedade mutual da illa, con 101.057 asociadas, case o duplo do número de socios do Centro Gallego.


Nos primeiros tempos, Hijas de Galicia foi dirixida polos socios protectores, homes que controlaban a institución e impedían o acceso das mulleres ao sanatorio La Benéfica, mesmo estatutariamente, pois o artigo 11 do texto fundacional excluía as mulleres con doenzas venéreas ou psíquicas baixo o pretexto de preservar a orde e os bons costumes. Na verdade, todo isto resultaba paradoxal, especialmente caso se tivese en conta que boa parte dos homes pacientes de La Benéfica padecían patoloxías de transmisión sexual, moitas veces relacionadas co comercio dos corpos. As mulleres, polo contrario, sufrían estas doenzas frecuentemente por contaxio dos seus maridos ou noivos, como no caso dunha socia natural do Saviñao, expulsada en 1926 tras se lle detectar sífile.

A preocupación pola situación das mulleres emigrantes chegou tamén á Galiza, especialmente a través das organizacións feministas. En 1919, *A Nosa Terra* destacaba a acción da Irmandade Feminina da Coruña, que propuxo aos centros galegos da América organizaren protección para as mulleres emigrantes, até chegaren á creación de bolsas de traballo, seguindo o modelo doutros lugares de Europa.

O goberno revolucionario de 1933 e a Constitución cubana de 1940 obrigaron a dar voz e voto ás mulleres nas sociedades microterritoriais. Con todo, no caso do Centro Gallego, a integración non se conseguiu até ao triunfo da Revolución en 1959. Hijas de Galicia, pola súa parte, consolidouse como unha das institucións máis relevantes da colectividade galega na illa caribeña, destacando non só polos seus servizos sociais, mais tamén polas súas actividades culturais e educativas. **No Segundo Congreso Nacional de Mulleres, en 1925, a galega Filo Vidal, de Hijas de Galicia, defendeu a necesidade de axudar as mulleres emigrantes sen distinción de orixe.**

En 1939, tras a inauguración do seu balneario no barrio de Miramar, Hijas de Galicia converteuse nun lugar de encontro para a colectividade galega da Habana. A lei de nacionalización do traballo de 1933 e a Guerra Civil española animaron moitos emigrantes e exiliados a formaren familias en Cuba, reducindo a alta taxa de solteiros e promovendo espazos como o balneario social de Hijas de Galicia. O centro destacaba pola súa praia exclusiva para as clases medias brancas, que procuraban alternativas aos areais públicos mesturados ou aos clubs de clase alta.

Co triunfo da Revolución en 1959, a educación e a sanidade convertéronse en prioridades nacionais. Hijas de Galicia foi nacionalizada e transformada nun hospital materno-infantil. O hospital, situado no barrio de Luyanó, foi clave na historia da emigración galega, até ao punto de esta zona pasar a ser chamada "Nueva Galicia". Desde 1984, funciona como hospital multidisciplinar e docente e foi unha das maiores maternidades do país. Parte do seu persoal aínda conserva raíces galegas, simbolizando o legado das mulleres que impulsaron tan emblemática sociedade.



Para saber máis:

González Pagés, Julio César (2019).
Galegas en Cuba. Silleda: Fervenza.



AS CANTAREIRAS

Ai das que levan no bico un cantar!

A literatura tradicional, a través da utilización artística dese vehículo de comunicación que é a lingua, abranxe un conxunto de diversas formas e xéneros literarios usados e transmitidos oralmente polo pobo, nun legado que se foi xestando durante a Idade Moderna (séculos XVI-XVIII) e que chega até ao noso tempo: existe hoxe en día na Galiza un extraordinario patrimonio cultural desta natureza, composto por uns 30.000 cantares, uns 80.000 refráns e unhas 1.500 narracións. A pesar da prohibición da lingua galega nos textos escritos a partir do século XVI, a poesía oral mantívose viva ao longo do tempo, coa lingua, fóra das canles oficiais e case por completo da letra impresa. As primeiras referencias documentais sobre a literatura de transmisión anónima datan do século XVIII, grazas ao labor de Frei Martín Sarmiento e ao Padre Sobreira, que recolleron cantigas directamente da xentes do seu tempo, especialmente das mulleres. Sarmiento, pioneiro en recoñecer o valor poético e musical deses materiais, xa observara en 1754 o talento das mulleres galegas e destacaba a súa capacidade para comporen coplas e xeraren textos sen formación musical regrada:



Teño observado que as mulleres non só son poetas, mais tamén músicas naturais. Tanto en Castela, como en Portugal e, noutras provincias, os homes son os que compoñen as coplas e inventan os tons e falan os homes coas mulleres para as amaren ou para as satirizaren. Na Galiza é o contrario: na maior parte das coplas galegas falan as mulleres cos homes; isto é porque son elas as que compoñen as coplas, sen artificio ningún, e elas mesmas inventan os tons, os ares con que as han cantar, sen teren idea da arte da música.

Naturalmente, non foi o único en percibir tales asuntos. Con parecidas palabras, Murguía, na súa *Historia de Galicia*, afirmaba ao respecto: "Apenas hai acto da vida, até o máis vulgar, que non teña a súa copla". As mulleres foron figuras centrais na creación, preservación e transmisión desa cultura popular e lévase dito que as pandeireteiras se erexiron en símbolo de resistencia, apoderamento e sororidade. As coplas que cantaban aprendíanas unhas das outras, non foran escritas por ninguén e a comunidade enteira percibía eses cantares como propios. Con todo, son textos literarios, están cheos de imaxes, metáforas e ritmo, e algunhas figuras e recursos retóricos non envexan nada aos da literatura chamada "cultura".

Pódese sinalar que os galegos e galegas nacían entre cántigas, vivían a cantaren e, após a súa morte, a súa lembranza podía ficar na no aproveitamento artístico que as xeracións seguintes facía de textos compostos por persoas falecidas ou de textos que ocasionalmente se referían a elas. As manifestacións vitais, desde declaracións de amor até sátiras persoais ou sociais, adoitaban adubarse con cantos tradicionais. As festas, relixiosas ou profanas, os traballos agrícolas e as xuntanzas nas eiras, adros ou rueiros, eran escenarios principais

destas expresións culturais, e é en parte por iso que a temática do cancionero popular abranxe sentimentos persoais (amor, desexo, reflexión, soidade...), interaccións sociais (burla, diversión, galanteo...), vida familiar (nais e pais, sogras e sogros...), traballo (ocupacións, oficios, tarefas), reunións sociais (feiras, festas, romarías...), natureza (ríos, paxaros, xeografía...), devoción relixiosa e un longuíssimo etcétera.

Os cantos que interpretaban as mulleres constaban dun "ton", isto é, unha melodía, normalmente sinxela, sobre a cal se ían cantando coplas, unhas xa coñecidas e outras improvisadas no momento ou aprendidas de persoas diferentes. A música acompañaba os seus labores e os escasos momentos de lecer, de aí que convertesen as ferramentas de traballo e diversos utensilios en instrumentos de percusión (garrafas de anís, latas de pemento, sachos, tixolas etc.), aínda que a pandeireta fose o instrumento máis frecuente no século XX. Eses cantares facían máis soportábeis as xornadas laborais e servían como vehículo pedagóxico, liberador de tensións e reflexo das problemáticas sociais, como a emigración e a pobreza. Por iso, se pensarmos nas funcións sociais do canto tradicional, explícitas ou tácitas, poderemos concluír que eran singularmente variadas: fortaleceren os lazos sociais das comunidades rurais, operaren como unha expresión de resistencia cultural, aliviaren as alongadas horas de traballo no mar e na terra, faceren máis levadeiros os deslacements a pé, celebraren o remate de tarefas comunais, serviren de punto de encontro e de lecer etc.

As reunións espontáneas nas aldeas eran momentos de socialización, onde as mulleres asumían o protagonismo musical. Realizábanse ao caer do día con varios motivos: moitas eran para elas fiaren ou realizaren traballos relacionados co ciclo agrícola, como as esfoladas do millo, as fiadas de la ou traballos relacionados co liño como tascar, deluvar, espadelar ou fiar; por iso existen hoxe en día denominacións como "fiadas", "fiandóns", "tascas" etc., que en moitos casos acabaron por se estender a calquera reunión aínda que non se realizasen os tales traballos nin aínda outros. Eses encontros tamén se producían simplemente como diversión, cuxa denominación variaba dunha rexión a outra: "foliada" ou "fouliada", "ruada", "serán" ou "serao", "pandeirada", "polavila" etc. Alí eran as mulleres as que puñan a música e o canto. Os homes, que tocaban instrumentos como a gaita ou o acordeón, cobraban en ocasións por iso, mais as mulleres improvisaban textos e bailaban acompañadas por pandeiretas ou outros instrumentos.

Coa súa ben coñecida lucidez artística e intelectual, Luísa Villalta, no libro *O outro lado da música, a poesía*, sinalaba que a música foi da man da poesía nas súas primeiras manifestacións (e aí está a referencia da lírica medieval galego-portuguesa, no pergamiño Vindel e Martin Codax, mesmo coa notación musical das *Cantigas de Santa María*). E foi fundamental no Rexurdimento da literatura galega e no



seu desenvolvemento posterior: a obra fundacional da nosa poeta nacional, Rosalía de Castro, os *Cantares gallegos*, bebe directamente da poesía popular. O diálogo entre a nosa excelsa poeta (con sólidos coñecementos musicais) e a tradición oral chega a nós coa claridade da memoria común.

Seguindo o exemplo do Padre Sarmiento citado máis acima, outros estudosos fixeron recollas nos séculos XIX-XX, mais o traballo máis relevante de recolleita da nosa tradición cantada chegaría da man de Dorothé Schubart e Antón Santamarina. Foi un labor de investigación que comezou en 1978 e que chegou até 1983 e que en 1984 se viu formalmente editado pola Fundación Barrié de la Maza, en sete volumes, co título de *Cancioneiro Popular Galego*. A obra está presentemente considerada un dos textos de referencia incontornábel da música tradicional, coas cantigas, as súas anotacións musicais e os nomes de todas as informantes. A partir de aquí, os anos 80 do século pasado supuxeron a eclosión das recolleitas dun patrimonio lírico e musical que continuaba nas mulleres. O mundo do folclore orientou o seu ollar maiormente cara ás labregas, "catedrais invisíbeis" da tradición, e foron elas as que exerceron de legatarias desa literatura e música popular.

As cantareiras, con ou sen pandeireta, foron reflexo fiel dos avatares sufridos pola Galiza ao longo dos séculos, e padeceron, como outros colectivos, o centrípeto proceso de asimilación cultural, con consecuencias na hibridación lingüística do galego co español ou mesmo

coa adopción ou xeración de textos cantados *contra natura* neste idioma. Por iso, sería ben revisarmos e peneirarmos o repertorio tradicional que, por circunstancias históricas evidentes, coñece a recepción de castelanismos, para así podermos ficar coa cerna máis idiosincrática.

As cantigas, hoxe en día, continúan vivas aínda que mudasen os contextos e os auditorios. Agora eses mesmos cantares son actualizados nos repertorios dos numerosos grupos de tocadoras e cantareiras, bandas de música folque, agrupacións folclóricas etc. que inzan o país. O Día das Letras Galegas de 2025, dedicado ás cantareiras, recoñece este importantísimo legado e o colectivo que o transmitiu a través de figuras como Adolfin e Rosa Casás, Eva Castiñeira, Manuela Lema, Prudencia ou Asunción Garrido. Estas mulleres simbolizan a continuidade e a riqueza da poesía popular, un tesouro que require maior protección e visibilidade institucional como parte fundamental do patrimonio inmaterial da Galiza.

Para saber máis:

Busto Miramontes, Beatriz (2021). *Pandereteiras de Mens*. Santiago de Compostela: aCentral Folque.
Sánchez Rei, Xosé Manuel (2018) [2017]. *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII e XIX*. Santiago de Compostela: Laiovento.



*Sempre houbo mulleres
insignes en Galiza.
En todos os tempos, en
todos os campos, baixo
todas as luces*

Mari Luz Morales





Todos os textos que ves están liberados de dereitos e á túa disposición.
As fotografías, porén teñen dereitos reservados.

ABREVIATURAS:

AHCIAM: Arquivo histórico Centro
Investigacións Agrarias de Mabegondo

BdeG: Biblioteca de Galicia

ARG: Arquivo do Reino de Galicia

AMC: Arquivo Municipal da Coruña

RAG: Real Academia Galega

MPG: APOI - Arquivo do Patrimonio Oral
da Identidade do Museo do Pobo Galego

A.Vidal: Arquivo Vidal.
Museo do Mar de Laxe

AEVB: Arquivo Elvira Varela Bao

Edita: AC Alexandre Bóveda
DL: C 238-2025



*O que máis glorifica
a Galiza é o valor
das súas mulleres*

Syra Alonso

XOSÉ CASTRO

P Ferrer
(Museo de Pontevedra)



CORUÑA -PESCA DURAS